



Universidade de Santiago de Compostela

Máster Universitario en Goberno Local e Políticas Públicas Innovadoras

Traballo de Fin de Máster

LocalRSE

**PROXECTO LOCAL DE
RESPONSABILIDADE SOCIAL
EMPRESARIAL**

Titulación:

Máster Universitario en
Goberno Local e Políticas
Públicas Innovadoras

Curso académico:

2022-2023

Alumno/a:

Otero Romero, Víctor
D.N.I.: 44832443-S

Director de TFM:

Cernadas Ramos, Andrés

Convocatoria:

Primeira



Universidade de Santiago de Compostela

Máster Universitario en Goberno Local e Políticas Públicas Innovadoras

Traballo de Fin de Máster

LocalRSE

**PROXECTO LOCAL DE RESPONSABILIDADE SOCIAL
EMPRESARIAL**

Trabaja de Fin de Máster

LocalRSE

**PROYECTO LOCAL DE RESPONSABILIDAD SOCIAL
EMPRESARIAL**

Final Master Project

LocalRSE

LOCAL CORPORATE SOCIAL RESPONSIBILITY PROJECT

Titulación:

Máster Universitario en
Goberno Local e Políticas
Públicas Innovadoras

Curso académico:

2022-2023

Alumno:

Otero Romero, Víctor
D.N.I.: 44832443-S

Director de TFM:

Cernadas Ramos, Andrés

Convocatoria:

Primeira

RESUMO

A Responsabilidade Social Empresarial consiste esencialmente na integración voluntaria, por parte das empresas, das preocupacións sociais e medio-ambientais nas súas operacións comerciais e nas súas relacións cos seus interlocutores. É a contribución das empresas ao obxectivo de acadar un desenvolvemento máis sostible de forma que melloren o crecemento social, a protección medio-ambiental e o respecto dos dereitos humanos, adoptando un modo de gobernanza aberta que reconcilia intereses tanto propios como de diversos axentes sociais. As institucións públicas pola súa parte, teñen a potestade de adoptar medidas que reduzan o impacto do ámbito económico e social e que contribúan ao benestar colectivo. Tamén, pola súa proximidade ás empresas e á cidadanía, permítelles un mellor coñecemento sobre a realidade do territorio, o que lles facilita impulsar a creación de accións co resto de actores implicados na vida do municipio cos que se poida facer fronte aos novos retos no ámbito local.

LocalRSE é un proxecto de intervención directa que consiste na creación e prestación dun servizo local de formación, promoción e consultaría sobre Responsabilidade Social Empresarial para as empresas localizadas dentro do territorio municipal. Está dirixido directamente este a tódolos municipios de Galicia e procura ser un proxecto piloto transmisible que poida realizarse en calquera destes coas debidas adaptacións. Mediante accións de formación e apoio ou actividades de promoción e difusión, o proxecto procura a construción dun tecido empresarial máis responsable e unha cidadanía máis coñecedora e informada sobre o ámbito da responsabilidade social e o seu impacto na sociedade.

Palabras chave: Responsabilidade Social Empresarial, Goberno local, Empresa, Ética empresarial

RESUMEN

La Responsabilidad Social Empresarial consiste esencialmente en la integración voluntaria, por parte de las empresas, de las preocupaciones sociales y medio-ambientales en sus operaciones comerciales y en sus relaciones con sus interlocutores. Es la contribución de las empresas al objetivo de conseguir un desarrollo más sostenible de forma que mejoran el crecimiento social, la protección medio-ambiental y el respeto de los derechos humanos,

adoptando un modo de gobernanza abierta que reconcilia intereses tanto propios como de diversos agentes sociales. Las instituciones públicas por su parte, tienen la potestad de adoptar medidas que reduzcan el impacto del ámbito económico y social y que contribuyan al bienestar colectivo. También, por su proximidad a las empresas y a la ciudadanía, les permite un mejor conocimiento sobre la realidad del territorio, lo que les facilita impulsar la creación de acciones con el resto de implicados en la vida del municipio con los que pueda hacer frente a los nuevos retos en el ámbito local.

LocalRSE es un proyecto de intervención directa que consiste en la creación y prestación de un servicio local de formación, promoción y consultoría sobre Responsabilidad Social Empresarial para las empresas localizadas dentro del territorio municipal. Está dirigido directamente este a todos los municipios de Galicia y procura ser un proyecto piloto transmisible que se pueda realizar en cualquiera de estos con las debidas adaptaciones. Por medio de acciones de formación y apoyo o actividades de promoción y difusión, el proyecto procura la construcción de un tejido empresarial más responsable y una ciudadanía más conocedora e informada sobre el ámbito de la responsabilidad social y su impacto en la sociedad.

Palabras clave: Responsabilidad Social Empresarial, Gobierno local, Empresa, Ética empresarial.

ABSTRACT

Corporate Social Responsibility consists essentially of the voluntary integration, by companies, of social and environmental concerns in their commercial operations and in their relations with their interlocutors. It is the contribution of companies to the objective of achieving a more sustainable development in a way that improves social growth, environmental protection and respect for human rights by adopting an open governance mode that reconciles their own interests and those of various social agents. Public institutions, on their part, have the power to adopt measures that reduce the impact of the economic and social sphere and that contribute to collective well-being. Also, due to its proximity to companies and citizens, it provides them with a better knowledge of the territory's reality, which makes it easier for them to promote the creation of actions with the rest of those

involved in the life of the municipality with whom they can deal with the new local challenges.

LocalRSE is a direct intervention project which consists of the creation and provision of a local training, promotion and consulting service on Corporate Social Responsibility for companies located within the municipal territory. This is addressed directly to all the municipalities of Galicia and seeks to be a transmissible pilot project that can be replicated in any of these with the appropriate adaptations. Through training and support actions or promotional and dissemination activities, the project seeks to build a more responsible business fabric and a citizenry that is more knowledgeable and informed about the field of social responsibility and its impact on society.

Keywords: Corporate Social Responsibility, Local government, Company, Business ethics.

ÍNDICE XERAL

| | |
|--|----|
| Introdución | 15 |
| 1. Metodoloxía | 17 |
| 2. Marco Normativo | 19 |
| 3. A Responsabilidade Social Empresarial | 23 |
| 3. 1. Conceptualización e marco teórico | 24 |
| 3. 2. Organismos promotores e políticas públicas de RSE | 30 |
| 3. 3. A RSE nas Comunidades Autónomas en España | 32 |
| 3. 4. Beneficios e resultados que aporta a RSE | 41 |
| 3. 5. Conclusións | 43 |
| 4. Proxecto LocalRSE | 45 |
| 4. 1. Descrición e referencias tácticas e estratéxicas do proxecto | 46 |
| 4. 2. Ámbito territorial e desenvolvemento temporal | 51 |
| 4. 3. Fundamentación | 52 |
| 5. Obxectivos Operativos | 65 |
| 5. 1. Poboación destinataria | 65 |
| 5. 2. Resultados previstos e intervencións | 66 |
| 6. Entorno Interno e Externo | 69 |
| 6. 1. Organización | 69 |
| 6. 2. Colaboración e participación | 71 |
| 6. 3. Difusión | 72 |
| 7. Execución do Proxecto | 73 |
| 8. Previsión de Recursos e Orzamentos | 77 |
| 9. Deseño da Avaliación | 79 |
| 10. Aspectos Éticos e Legais | 81 |
| Referencias | 83 |
| Apéndices | 91 |

ÍNDICE DE TÁBOAS

| | |
|---|----|
| Táboa 1. Normativa aplicable na dimensión territorial e competencial de LocalRSE | 19 |
| Táboa 2. Normativa aplicable na dimensión de xestión e execución de LocalRSE | 20 |
| Táboa 3. Normativa reguladora da actividade empresarial implicada en LocalRSE | 21 |
| Táboa 4. Políticas de RSE en Comunidades Autónomas de España | 33 |
| Táboa 5. Relación entre LocalRSE e os Retos País da EDS 2030 | 48 |
| Táboa 6. Obxectivos da Estratexia Galega RSE 2023-2025 para os axentes implicados | 50 |
| Táboa 7. Desenvolvemento temporal do proxecto | 52 |
| Táboa 8. Evolución de regulacións europeas relacionadas coa RSE e criterios ASG | 54 |
| Táboa 9. Estimación dos/as potenciais destinatarios/as | 65 |
| Táboa 10. Resultados previstos e a súa cuantificación | 66 |
| Táboa 11. Intervención e as súas cuantificacións | 67 |
| Táboa 12. Fase inicial do proxecto LocalRSE | 73 |
| Táboa 13. Cronograma da Fase Inicial | 74 |
| Táboa 14. Fase de Execución e Avaliación do proxecto | 75 |
| Táboa 15. Cronograma da Fase de Execución e Avaliación do proxecto | 76 |
| Táboa 16. Recursos necesarios e custos do proxecto | 77 |
| Táboa 17. Presusposto de custos totais | 78 |
| Táboa 18. Aspectos a avaliar no proxecto | 79 |

ÍNDICE DE FIGURAS

| | |
|--|----|
| Figura 1. Pirámide da Responsabilidade Social Empresarial de Archie B. Carroll | 24 |
| Figura 2. Estrutura da Estratexia Española de RSE 2014-2020 | 57 |
| Figura 3. Puntuación acadada a nivel global e por ámbitos da ESG | 60 |
| Figura 4. Áreas da RSE con maior impacto nos resultados empresariais | 62 |
| Figura 5. Organigrama do proxecto | 69 |

Introdución

O presente traballo, dividido en dúas partes, consiste en primeiro lugar nunha investigación que ten como obxectivo coñecer e identificar tódolos aspectos que recolle o ámbito da Responsabilidade Social Empresarial (RSE), dende os seus orixes, evolución, definición e, sobre todo, recoñecer as implicacións que este ámbito ten. Procura esta primeira parte do traballo de igual forma explorar e presentar as diferentes políticas públicas existentes de RSE en Europa, España e Galicia e deste xeito asentando as bases sobre as que construír o denominado Proxecto LocalRSE. A segunda parte deste traballo consiste no deseño e construción do citado proxecto, que se presenta por medio dunha estrutura organizada, cun modelo específico de creación de proxectos que recolle tódolos aspectos a ter en conta neste tipo de traballos.

Este tipo de traballo encadraríase dentro da denominada modalidade 1, recollida na guía da materia do Traballo de Fin de Máster, que se identifica como a creación dun proxecto profesional para a xestión ou mellora das políticas públicas locais. Están incluídos dentro da estrutura do traballo todos aqueles puntos e contidos enumerados dentro da guía docente que gardan relevancia neste caso.

O proxecto presentado segue unha estrutura de traballo académico en relación a aspectos como a súa metodoloxía e marco teórico xunto cunha combinación dun modelo de creación de proxectos aportado por García e Ramírez (1996) dentro da súa obra *Diseño y evaluación de proyectos sociales* con certas adaptacións necesarias para o formato de presentación de traballos académicos. A estrutura céntrase nos aspectos que se deben ter en conta á hora da elaboración dun proxecto segundo estes autores e, que inclúen os outputs e inputs necesarios. Estes aspectos fan referencia entre outros á fundamentación do proxecto, aos resultados previstos, ás actividades e accións que se prevén realizar, ao proceso de execución e mesmo aos recursos necesarios para a súa execución.

O proxecto LocalRSE, que deriva o seu nome do acrónimo de Proxecto Local de Responsabilidade Social Empresarial, baséase principalmente no deseño e construción dun novo recurso, un novo servizo dentro da Administración local que procura dar solución ás diferentes directivas tanto europeas, como nacionais de Responsabilidade Social Empresarial (RSE) así como aspectos de Ambiente, Social e Gobernanza (ASG) dentro do territorio da

Comunidade Autónoma de Galicia. Procura este proxecto por un lado servir de apoio ás empresas localizadas nun termo municipal a adoptar todos aqueles aspectos relacionados cos principios da RSE/ASG e por outro lado, promover e fomentar entre a cidadanía o coñecemento deste campo.

O proceso de creación deste proxecto centrouse na procura de información relevante e no análise e procesamento de tódolos factores que son necesarios para a súa concreción. Levouse a cabo ademais un proceso de cotexo e análise doutros proxectos similares e inspiradores que serviron de apoio no deseño de LocalRSE. Igualmente serviu este traballo académico como método de aprendizaxe dunha ferramenta política e de traballo dentro dos gobernos locais como son o deseño, creación, planificación, xestión e avaliación de proxectos nos que se basean moitas das actuacións das Administracións municipais.

1. Metodoloxía

A metodoloxía empregada neste traballo está identificada como unha revisión bibliográfica narrativa, realizada dende un enfoque cualitativo, que se centra nun tipo de información de tipoloxía tanto bruta como elaborada. Isto refírese a que se realiza un cotexo de datos e resultados de diferentes investigacións pero á súa vez tamén se realizan certos resumos e explicacións derivados destes datos. O enfoque cualitativo está caracterizado pola recolección de datos e análise destes para afinar as preguntas de investigación ou revelar novas interrogantes no proceso de investigación (Hernández *et al*, 2014).

Unha revisión narrativa está definida como un estudo bibliográfico no que se recompila, analiza e sintetiza a información publicada sobre o tema de estudo e se empregan métodos informais para seleccionar e interpretar a información (Ferrari, 2015).

Neste caso, o estudo procura coñecer o ámbito da Responsabilidade Social Empresarial procurando en primeiro lugar a súa conceptualización e evolución e en segundo lugar o referido ao seu estado actual e os diferentes factores que este concepto ten. Desta forma, a información aportada servirá de base para a construción do proxecto que se presenta posteriormente no documento.

Para a procura de bibliografía, realizouse un cotexo en diferentes portais de difusión de produción científica como Dialnet, bases de datos bibliográficos como Scopus ou mesmo no repositorio en liña da Biblioteca Universitaria da Universidade de Santiago de Compostela. Mencionar ademais que se empregou da mesma forma algunha literatura gris como teses doutorais, material de congresos e mesmo documentos de entidades científicas.

Este tipo de investigacións son recoñecidas pola súa modalidade documental o que comprende todas aquelas técnicas que se empregan na investigación para obter información contida en calquera tipo de documentación realizada por outros/as autores/as ou diferentes entidades, sexa o fin deste servir para a investigación ou non (Hernández *et al*, 2014).

Dentro do que se entende por material documental non só se atopan libros ou estudos académicos, senón que abrangue practicamente todo o material producido dende novas en xornais, enquisas, gráficos, e mesmo imaxes entre outros. Por outra banda e polas

características propias do proxecto, tamén se realizaron diferentes consultas en diarios oficiais tanto europeos, nacionais ou comunitarios, consultados ao longo de todo o proceso de deseño e configuración do traballo.

2. Marco Normativo

Un dos aspectos esenciais que cabería delimitar polas peculiaridades tanto da investigación previa como pola posterior construción do propio proxecto é o marco normativo polo que se ve directamente afectado. A primeira das delimitacións que o proxecto presenta, posto que está plantexando para ser realizado dentro do territorio municipal, son aquelas normas principais que son aplicables dentro deste nivel de organización territorial. A continuación preséntanse unha serie de normativas que gardan relación coas diferentes dimensións afectadas como poden ser a territorial e competencial referida aos concellos e a dimensión xestora e executiva destes. Tamén se presentan algunhas das normativas referida ao ámbito empresarial que ten especial importancia para algúns dos aspectos do proxecto como é a economía sostible, o código de comercio ou mesmo a auditoría de contas en relación á información non financeira e diversidade.

Táboa 1

Normativa aplicable na dimensión territorial e competencial de LocalRSE

Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local

Esta normativa é, por unha banda, a principal norma que regula as competencias e as potestades dos Concellos e, ten especial relevancia dentro da posta en marcha do proxecto presentado. Por outra banda regula ademais certos aspectos das relacións coa cidadanía así como a información que estas entidades deben ofrecer e os procedementos de participación da poboación nos asuntos locais. Tamén mencionar que recolle aspectos relacionados co persoal funcionario e laboral e algunhas regulacións referidas as facendas locais.

Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas

É tamén relevante para a creación do proxecto ter en conta todo o que regula aos procesos administrativos e as relacións entre Administración pública e persoas xurídicas, públicas e mesmo coa cidadanía en xeral. Neste caso, esta normativa ten como ámbito de aplicación as Entidades que integran a Administración local e faise necesario adaptar o proxecto a esta. Recolle esta lei as normas xerais de actuación nas actividades das Administracións públicas así como a regulación do procedemento administrativo que será necesario para algúns dos puntos a realizar dentro do proxecto.

Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público

Normativa co obxecto de regular as responsabilidades e a potestade sancionadora das Administracións públicas que aplica igualmente ás Entidades que integran a Administración Local. A súa vez, está delimitado normativamente o proxecto por esta lei en todo o que se refire aos principios de intervención das Administracións públicas aos seus órganos e competencias ou mesmo ao recollido sobre o funcionamento electrónico do sector público.

Fonte: Elaboración propia

Táboa 2

Normativa aplicable na dimensión de xestión e execución de LocalRSE

Real Decreto Legislativo 2/2004, e 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales

Dentro da xestión e execución do proxecto é de especial importancia ter en conta esta normativa xa que regula o uso dos recursos das Entidades locais. Posto que o proxecto ten necesidade de asignación de orzamentos para o seu fin, é imperativo que este se adapte a esta normativa así como a todas aquelas disposicións contidas nesta. Recolle esta lei certos aspectos sobre subvencións ou traspasos de capital ou mesmo todo o relativo ao funcionamento contable así como aspectos de rendición de contas destas entidades.

Ley 9/2017, de noviembre, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014

Ten igualmente relevancia realizar as adaptacións pertinentes a esta lei por certos aspectos do propio proxecto. Neste caso, a realización do proxecto podería precisar nalgúns puntos a contratación externa dalgún servizo ou prestación coa que non se conte entre os recursos propios. Para tales fins, sería necesario ter en conta esta normativa e deste xeito garantir que estas accións se axustan aos principios e obrigas que recolle. Neste caso poderían ter tamén relativa importancia a incorporación de criterios sociais e medio-ambiental nestas accións de forma que axuste ás motivacións do propio proxecto.

Fonte: Elaboración propia

Táboa 3

Normativa reguladora da actividade empresarial implicada en LocalRSE

Ley 2/2011, de 4 de marzo, de Economía Sostenible

Procura esta normativa o desenvolvemento da Economía Sostible, que consiste nun patrón de crecemento que concilie o desenvolvemento económico, social e ambiental nunha economía produtiva e competitiva, que garanta o respecto ambiental e un uso racional dos recursos naturais sen comprometer ás xeracións futuras.

Polas propias motivacións do proxecto é de suma importancia esta normativa e todo aquilo que regula. Menciona esta lei especificamente á RSE e introduce cambios para moi diversos ámbitos dentro das operacións comerciais en sectores como o transporte, mercados financeiros, contratación pública, fiscalidade de certas actividades e mesmo en política enerxética entre outros. Realiza esta lei ademais numerosos cambios dentro das súas disposicións que afectan a numerosas leis e que gardan en moitos casos relación directa coa RSE e aspectos ambientais, económicos e de gobernanza (ASG).

Real Decreto-Ley 18/2017, de 24 de noviembre, por el que se modifican el Código de Comercio, el texto refundido de la Ley de Sociedades de Capital aprobado por Real Decreto Legislativo 1/2010, de 2 de julio, y la Ley 22/2015, de 20 de julio, Auditoría de Cuentas, en materia de información no financiera y diversidad

Neste caso esta normativa modifica especificamente o Código de Comercio así como a lei de Sociedades de Capital e introduce a Directiva 2014/95/UE do Parlamento Europeo que entre outras está referida á obriga das empresas a informar sobre o impacto medio-ambiental, igualdade ou aspectos de cumprimento sobre a responsabilidade social. Se ben estas obrigas están impostas para grandes corporacións, moitas empresas medianas e pequenas tamén se basean nos aspectos que recolle esta normativa á hora de realizar rendición de contas ou mesmo informes de resultados como o Estado de Información Non Financeira (EINF)¹.

¹ O Estado de Información Non Financeira (EINF) é un informe anual no que se expón información relevante para tódalas partes interesadas sobre o impacto que ten o desempeño dunha organización respecto a cinco cuestións básicas: medio-ambiental, social, dereitos humanos, empregados/as e anticorrupción. Este informe complementa e amplía a información presentada no Informe de Xestión de Contas Anuais de empresas e organizacións.

Ley 11/2018, de 28 de diciembre, por la que se modifica el Código de Comercio, el texto refundido de la Ley de Sociedades de Capital aprobado por el Real Decreto Legislativo 1/2010, de 2 de julio, y la Ley 22/2015, de 20 de julio, de Auditoría de Cuentas, en materia de información no financiera y diversidad

Esta lei ven a completar certos aspectos da anterior normativa en materia de información non financeira e establece as pautas para a divulgación deste tipo de información relacionada coa responsabilidade social empresarial que contribúe a medir, supervisar e xestionar o rendemento das empresas e o seu impacto na sociedade. Modifica esta lei a anterior para incluír a empresas con máis de 250 persoas asalariadas, a lei anterior incluía a empresas de máis de 500 persoas asalariadas. Regula por outro lado as características que debe conter, todo canto debe presentar e a forma do informe sobre o Estado de Información Non Financeira (EINF) ao que as empresas nomeadas están obrigadas. En calquera caso, é unha folla de ruta na que apoiarse para a realización do proxecto e certos aspectos que se deben ter en conta dentro das actividades propostas.

Fonte: Elaboración propia

3. A Responsabilidade Social Empresarial

O primeiro dos aspectos que cabería mencionar en relación á Responsabilidade Social Empresarial é a súa dimensión dentro do contexto europeo e a importancia que esta ten dentro do marco das políticas e normativas en España. Segundo o *Informe del Foro de Expertos en RSE (2007)* a Comisión Europea publicaba logo de diferentes traballos e comunicacións previas, o Libro Verde da RSE (2001) que abriu o debate e empregouse para someter a discusión conceptos básicos e características sobre a responsabilidade social das empresas. Do mesmo xeito, tamén facía referencia á promoción da RSE no documento onde se citaba que a Comisión proseguiría a fomentar a responsabilidade social das empresas para potenciar a eficacia e a credibilidade destas prácticas en cooperación cos Estados membros. Segundo o documento, este organismo realizaría diferentes iniciativas a fin de mellorar máis aínda o desenvolvemento e a transparencia da responsabilidade social das empresas.

O traballo levado a cabo no contexto comunitario é un dos principios fundamentais como marco para a formulación de políticas nacionais dos Estados membros e estes, mediante a creación de políticas de RSE nacionais poden contribuír á súa expansión.

Referido ao ámbito español, un dos fitos que impulsou a RSE a nivel nacional no país foi a publicación da *Estrategia Española de Responsabilidad de las Empresas 2014-2020* que foi aprobada o 16 de xullo de 2014 e que pretende ser un marco de referencia en todo o territorio. O documento inclúe 60 medidas dirixidas a impulsar o desenvolvemento de prácticas responsables nas organizacións públicas e privadas co fin de que melloren a súa competitividade e a transformación cara unha economía máis produtiva, sostible e integradora. Entre as súas liñas de actuación pódense atopar accións tales como a promoción da RSE, a integración desta dentro da educación e formación, a cooperación para o desenvolvemento e a coordinación e a participación en diferentes accións. Nos seguintes apartados 3.2 e 3.3 deste capítulo expóñense máis especificamente unha serie de organismos promotores e diferentes políticas tanto a nivel europeo, nacional ou mesmo das Comunidades Autónomas españolas levadas a cabo sobre responsabilidade social das empresas.

3. 1. Conceptualización e marco teórico

A primeira das tarefas que cabería realizar ao falar de RSE pasaría polo análise da súa definición tendo en conta todos aqueles conceptos que a compoñen, así desta forma, poder ofrecer unha aproximación e un mellor entendemento deste concepto. Se ben a responsabilidade social das empresas sempre foi un tema importante en moitos ámbitos como a política, economía, ou mesmo o activismo social entre outros, non foi ata 1991 que se sentaron as bases e se creou un modelo definatorio sobre o que se coñece hoxe en día como RSE. Segundo diferentes autores/as, un dos primeiros que realizou un traballo procurando unha definición e, aportando un modelo empregado en numerosas ocasións, foi o doutor en xestión e teoría organizativa Archie B. Carroll na súa obra *The pyramid of Corporate Social Responsibility: Toward the Moral Management of Organizational Stakeholders* (1991).

Figura 1

Pirámide da Responsabilidade Social Empresarial de Archie B. Carroll



Fonte: Elaboración propia adaptado de: Carroll, A. B. (1991). The Pyramid of Corporate Social Responsibility: Toward the Moral Management of Organizational Stakeholders. *Business Horizons*, 34(4), 39-48. https://www.researchgate.net/publication/4883660_The_Pyramid_of_Corporate_Social_Responsibility_Toward_the_Moral_Management_of_Organizational_Stakeholders

Atópase este autor entre os máis citados en referencia á RSE tal e como concluían Soriano e Fong (2022) no seu estudo *75 años de responsabilidad social empresarial: análisis bibliométrico*. Este modelo deseñado e presentado por Carroll está baseado en catro piares ou dimensións e aporta unha visión holística e estruturada sobre a definición da RSE.

Cabería polo tanto realizar unha pequena descrición de cada unha destas dimensións para a súa comprensión e entender a evolución na definición da RSE ao longo do tempo:

Responsabilidade económica: historicamente as empresas foron creadas para prover con bens e servizos á sociedade sendo os beneficios económicos establecidos como os principais incentivos para emprendedores/as. A principal actividade destas era producir bens e servizos que os/as consumidores/as necesitasen e desexasen e poder facer un beneficio aceptable no proceso. Nalgún punto, a idea de producir o máximo beneficio transformouse na motivación central das empresas e isto converteuse nun valor perdurable dende entón. Tódalas demais responsabilidades comerciais baséanse na responsabilidade económica da empresa xa que sen esta as demais son só meras consideracións. As principais ideas dentro desta dimensión recóllense nos seguintes puntos:

- É importante desempeñarse de forma coherente coa maximización das ganancias por acción.
- É importante acadar ser o máis produtiva posible.
- É importante manter unha posición competitiva forte.
- É importante manter un nivel alto de eficiencia operativa.
- É importante que unha empresa exitosa sexa definida como unha que se considera rendible.

Responsabilidade legal: non só a sociedade penaliza ás empresas que tan só operan co afán de lucro senón que tamén se espera que estas cumpran cos regulamentos e leis que son promulgadas polos gobernos nacionais, rexionais e mesmo locais. Como parte do cumprimento do contrato social entre empresas e a sociedade, espérase que as empresas leven a cabo as súas misións económicas dentro do marco normativo das leis. A responsabilidade legal polo tanto reflicte unha visión de código ético no sentido no que incorpora nocións básicas de operacións xustas segundo o establecido polos/as lexisladores/as. Está posicionada en segundo lugar na pirámide polo seu desenvolvemento histórico pero está considerada esta responsabilidade ao mesmo nivel que a económica como preceptos fundamentais do sistema

de libre empresa. Do mesmo xeito que a anterior, as súas ideas están asentadas nos seguintes puntos:

- É importante actuar de forma coherente coa expectativa dos gobernos e as leis.
- É importante cumprir coas leis, normas e regulamentos tanto nacionais, rexionais ou locais.
- É importante ser unha entidade corporativa respectuosa coa lei.
- É importante que unha empresa exitosa sexa definida como unha que cumpre coas súas obrigas legais.
- É importante prover con bens e servizos que como mínimo se axusten aos requirimentos legais.

Responsabilidade ética: a pesar de que as responsabilidades económicas e legais incorporan normas éticas sobre xustiza e equidade, a responsabilidade ética abarca aquelas actividades e prácticas esperadas ou prohibidas pola sociedade civil, incluso cando estas non están incluídas dentro das leis. A responsabilidade ética inclúe os estándares, normas ou expectativas que reflicten un consenso polo que consumidores/as, empregados/as, grupos de interese e a comunidade consideran como xusto e equitativo, ou mantendo o respecto ou protección dos dereitos das partes interesadas. Do mesmo xeito, os movementos da sociedade civil son tamén fonte de cambios para normativas e leis as cales son igualmente de obrigado cumprimento para empresas no que a estas lles atinxe. Por outra banda, os movementos éticos empresariais estableceron un marco de acción dentro desta dimensión que debe ser igualmente incluído e considerado como un punto esencial dentro da RSE. Os principais puntos nesta responsabilidade para Carroll son os seguintes:

- É importante actuar de forma consistente coas expectativas da sociedade e coas súas normas éticas.
- É importante recoñecer e respectar as normas éticas actuais e novas ou en evolución adoptadas pola sociedade.
- É importante previr o compromiso de normas éticas co fin de acadar as metas empresariais.
- É importante que unha boa empresa sexa definida cumprindo as expectativas éticas da sociedade.
- É importante recoñecer que a integridade empresarial e o comportamento ético vaian máis alá do mero cumprimento das leis e regulamentos.

Responsabilidade filantrópica: a filantropía inclúe aquelas accións empresariais que cumpren coas expectativas que a sociedade ten sobre o que unha empresa considera como boas prácticas. Isto inclúe a participación activa en accións ou programas para a promoción do benestar ou a mellora da calidade de vida das persoas. Exemplo disto son as contribucións de recursos financeiros, humanos ou técnicos como contribución á cultura, educación ou á comunidade. Un programa executivo prestado que proporciona liderado para unha comunidade ou mesmo a participación nalgún outro programa de tipo voluntariado son algúns dos exemplos. As comunidades desexan empresas que contribúan cos seus fondos, instalacións ou tempo a programas ou propósitos humanitarios, pero non consideran que as empresas sexan pouco éticas se non brindan o nivel desexado. Polo tanto, a filantropía é mais discrecional ou voluntaria por parte das empresas aínda que sempre exista a expectativa de que as empresas a proporcionen. A notable distinción entre responsabilidade ética e filantrópica está realizada por mor de que son moitas as empresas que consideran que son socialmente responsables tan só con cumprir as normas. Esta distinción, moi discutida, implica que na RSE está incluída e é moi desexable a filantropía pero non é tan importante como as outras tres dimensións narradas anteriormente. Igualmente que nas anteriores, tamén existen unha serie de puntos ou consideracións principais para as empresas como son:

- É importante actuar de forma consistente coas expectativas filantrópicas e caritativas da sociedade.
- É importante axudar á cultura e a identidade da comunidade.
- É importante que executivos/as e empregados/as participen en accións voluntarias dentro das súas comunidades.
- É importante prover asistencia a institucións educativas.
- É importante participar voluntariamente en proxectos que melloren a calidade de vida da comunidade.

Tendo o anterior en conta, unha das definicións oficiais que aportaba a Unión Europea (UE) na publicación do seu Libro Verde sobre a RSE (2001) centrábase no carácter plenamente voluntario e sintetizando moito a definición. Segundo este documento, a Responsabilidade Social Empresarial é a integración voluntaria, por parte das empresas, das preocupacións sociais e medio-ambientais nas súas operacións comerciais e as súas relacións cos seus interlocutores. Dentro desta definición o carácter voluntario é algo principal, algo que concorda cos dous chanzos da pirámide de Carroll referidos á responsabilidade ética e filantrópica, as cales non supoñían ningún tipo de obriga pero si formaban parte das

expectativas que a sociedade e grupos de interese agardan das empresas. Por outra banda, dentro desta definición da UE, xa se facía referencia a un campo como o do medio-ambiente e as preocupacións que a sociedade ten sobre o impacto que as actividades económicas teñen sobre este. Neste caso as diferentes normativas, leis e regulamentos nesta materia teñen igualmente especial relevancia para coas empresas xa que son de obrigado cumprimento o que formaría parte da dimensión legal dentro da pirámide de Carroll.

Dende entón, numerosos autores procuraron aportar a súa propia definición sobre RSE como por exemplo Cancino e Morales (2008) cando se refiren que a RSE son “situacións onde a empresa se compromete e cumpre accións que favorecen ao ben social, máis alá dos intereses da empresa e por enriba do que se espera como cumprimento da lei”. Neste caso queda latente o feito de que son accións que non son obrigatorias por lei e constitúen un comportamento voluntario. Pola súa banda, Sarmiento (2010) considera a RSE como “unha filosofía corporativa adoptada pola alta dirección da empresa para actuar en beneficio dos seus propios traballadores, as súas familia e o entorno social nas zonas de influencia das empresas”. Un dos aspectos que se poden observar dentro destas dúas definicións é a súa carencia de especificidade, é dicir, o ben social ou o beneficio sobre o entorno son factores moi inxpecíficos os cales poderían ser interpretados de moi diferentes formas. Incluso se podería chegar a pensar que a simple actividade económica dunha empresa xa sería suficiente para cumprir coas diferentes dimensións da RSE o cal non sería de todo acertado.

Con todo, e logo dun consenso entre diferentes teorías, autores e gobernos, a UE realizou no ano 2011 unha modificación a súa definición aportando e completando a publicada no 2001 e que aínda segue vixente. Para este organismo, a Responsabilidade Social Empresarial, polo impacto que as empresas teñen na sociedade, consiste no respecto da lexislación aplicable e o cumprimento dos convenios colectivos entre os interlocutores sociais como requisito previo, así como asumir plenamente en estreita colaboración coas partes interesadas, un proceso destinado a integrar as preocupacións sociais, medio-ambientais e éticas, o respecto dos dereitos humanos e as preocupacións dos consumidores nas súas operacións empresariais e a súa estratéxica básica. Todo isto co fin de maximizar a creación de valor compartido para os seus propietarios/accionistas, para as demais partes interesadas e a sociedade e identificar, previr e atenuar as súas posibles consecuencias adversas (Comisión Europea, 2011, pp 7-8).

Esta definición, que se atopa dentro da nomeada *Estrategia renovada de la UE para 2011-2014 sobre la responsabilidad social de las empresas* (Comisión Europea, 2011), é moito máis completa que a anterior do 2001 e recolle tódalas dimensións ás que se refería Carroll coa súa pirámide de RSE. Cabería mencionar que outro organismo internacional como é a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE) tamén publica no ano 2011 o documento *Líneas Directrices de la OCDE para Empresas Multinacionales* onde se fai referencia igualmente á RSE e a unha serie de principios e normas non vinculantes, carácter voluntario, para as actuacións empresariais que son en esencia as recollidas dentro da definición da UE.

Unha das novidades que se aportaba dentro desta última definición era a mención aos impactos que as empresas teñen dentro da sociedade, isto é, todos aqueles beneficios que estas aportan pola súa acción e da mesma forma todos aqueles danos que podería causar nos que está centrada esta mención na definición. Este é un dos aspectos centrais que definen ou diferencian as empresas socialmente responsables das que non o son, a aceptación deste precepto e a decisión de tomar medidas que mitiguen ou eliminen estes impactos negativos.

Dentro do ámbito da RSE existen igualmente outros conceptos intimamente relacionados como poden ser a sustentabilidade ou a sostibilidade que teñen relación entre ambas e se refiren á procura dun avance social e económico que asegure aos seres humanos unha vida boa e produtiva pero que non comprometa os recursos existentes. Do mesmo xeito tamén a chamada economía circular ten á súa vez relación coa sustentabilidade ou a sostibilidade e está baseada nun sistema de aproveitamento máximo dos recursos onde predomina a redución, a reutilización e o reciclaxe dos elementos.

Outros dos conceptos que cabería mencionar de cara a entender a amplitude da RSE son os criterios ambientais, sociais e de goberno corporativo (ASG ou ESG polas súas siglas en inglés). A terminoloxía no mundo dos negocios é moi cambiante e este acrónimo xurdiu como unha vertente máis interna e relacionada coas inversións ou decisións á hora de realizar proxectos das empresas pero, que tal e como se observa, está centrada igualmente no mesmo que a RSE. Son en síntese unha serie de criterios baseados nas mesmas prácticas e principios da RSE pero centrados na dimensión interna das empresas. Tal e como se presenta no último informe A Responsabilidade Social Empresarial nas empresas galegas 2021 (Xunta de Galicia, 2021), a RSE pode definirse coma o compromiso ou a responsabilidade das empresas

polo impacto das súas accións na sustentabilidade. Desta forma, o informe emprega indistintamente o concepto de sustentabilidade como equivalente da RSE xa que ambos conceptos definen esta preocupación polo impacto social, ambiental e de gobernanza, isto é, os criterios ASG/ESG.

3. 2. Organismos promotores e políticas públicas de RSE

Segundo o Observatorio de Responsabilidade Social Corporativa en España (Observatorio de RSC), os Estados teñen un papel fundamental no impulso e fomento da RSE pola súa capacidade de regular cuestións que afectan aos intereses públicos xerais. Neste senso, un dos primeiros pasos a levar a cabo é crear ou promover a creación de organismos especializados que sirvan de marco de referencia para o desenvolvemento de políticas neste ámbito. Tería igual importancia a creación de plans ou estratexias que definiran as liñas de traballo a realizar e do mesmo xeito a aprobación de normativa reguladora nesta materia.

Cabería mencionar en primeiro lugar o papel que organizacións internacionais teñen neste ámbito como son a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE), coa súa iniciativa máis destacada como é o documento *Líneas Directrices de la OCDE para empresas multinacionales* na súa versión do 2013. Neste documento recóllense principios e normas non vinculantes para as empresas que constitúen un código de conduta empresarial responsable, exhaustivo e acordado multilateralmente, que os gobernos se comprometeron a promover. A nivel internacional tamén ten certa relevancia a iniciativa Global Reporting Initiative (GRI), creada no 1997 en Boston, Estados Unidos, que está constituída como unha institución sen ánimo de lucro e que está involucrada no programa medio-ambiental das Nacións Unidas. O obxectivo inicial desta institución era crear o primeiro mecanismo de rendición de contas para garantir que as empresas se adherisen aos principios de conduta ambiental responsable, pero logo este foi ampliado a cuestións sociais, económicas e de gobernanza. Esta institución realiza estándares globais para informes de sustentabilidade así como estudos sobre os impactos das empresas ou organizacións por todo o mundo.

A nivel europeo, os organismos que máis relevancia teñen neste ámbito serían tanto a Comisión Europea como o Parlamento Europeo. Estas dúas institucións realizan, mediante comunicacións e disposicións, incidencia no cumprimento das normas internacionais e na

promoción da RSE nos estados membros. Para este motivo, levan realizado numerosos traballos desenvolvendo o marco de referencia común nesta materia tal como o Libro Verde (2001) da RSE ou a *Estratexia renovada de la UE para 2011-2014 sobre la responsabilidad social de las empresas* (2011). Estes dous documentos son os principais textos nos que se basea toda a política europea en materia de responsabilidade social e onde se establece un marco global europeo de calidade e coherencia nas prácticas nesta materia. Xunto con isto, a Comisión Europea leva traballando dende o ano 2009 sobre transparencia non financeira e en empresa e dereitos humanos, traballo que aportou no 2013 a Directiva 2014/95/UE sobre divulgación de información non financeira e información sobre diversidade a determinadas empresas e grupos. O Parlamento Europeo pola súa parte aportaba no ano 2007 o *Informe sobre la Responsabilidad Social Empresarial: una nueva asociación*, onde se establecen unha serie de recomendacións dirixidas á Unión Europea, á Comisión, ao Parlamento Europeo e aos propios gobernos e administracións dos estados membro en materia de RSE.

Segundo o Observatorio de RSC español (2014), a Unión Europea foi pioneira na súa vontade de promover a RSE xa que foi a primeira instancia de carácter supranacional en abordar este ámbito. Con todo, trátase dun traballo complexo e progresivo pola disparidade de accións que coexisten nos países membro e sobre todo as notables diferencias no grao de implementación de políticas públicas a nivel local.

Centrado en España, o primeiro dos organismos que cabería mencionar é o Consello Estatal da Responsabilidade Social das Empresas (CERSE) creado polo Goberno no ano 2008 mediante o Real Decreto 221/2008, do 15 de febreiro. Este órgano asesor e consultivo responde ao obxectivo de agrupar nunha mesma autoridade administrativa a representantes de distintos grupos de interese vinculados á RSE tales como o Ministerio de Traballo e Economía Social e a Dirección Xeral do Traballo Autónomo, da Economía Social e da Responsabilidade Social das Empresas a cal exerce labores de preparación, apoio técnico e xestión do consello. Ten como funcións este consello a promoción da RSE en particular nas pequenas e medianas empresas así como a realización de calquera outra actividade que se lle encomende dentro deste ámbito. Do mesmo xeito, tamén realiza actividades de deseño, xestión e seguimento de programas e axudas para a difusión e fomento da RSE no ámbito nacional. Dentro das políticas máis destacadas a nivel nacional poderíase citar a aprobación no Congreso dos Deputados (2006) do chamado Libro Branco da RSE en España, que se refire ao informe da subcomisión de Traballo e Asuntos Sociais para potenciar e promover a

responsabilidade social das empresas. Neste informe recóllense aspectos como definición e principios, ámbitos e estilos de actuación, actores involucrados e mesmo políticas públicas entre outros.

Outras das políticas públicas nacionais destacables é a *Estrategia Española de Responsabilidad de las Empresas 2014-2020* elaborada polo CERSE (2014) e publicada polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social e na que se recollen as principais liñas de actuación e plan de medidas neste ámbito, así como as accións de seguimento e avaliación desta política. Ten tamén importancia neste senso a aprobación do Plan de Acción Nacional de Empresas e Dereitos Humanos por parte do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación (2017) onde se incorporan á normativa española os principios reitores de Nacións Unidas sobre empresas e dereitos humanos que gardan estreita relación coa RSE.

No plano normativo, ten ademais especial relevancia mencionar a *Ley 2/2011, de 4 de marzo, de Economía Sostenible* (2011) pois no seu capítulo sexto fai mención específica á Responsabilidade Social das Empresas, definindo claramente unha aposta por este tipo de políticas. Neste caso, enumera unha serie de aspectos en materia de responsabilidade social como son a transparencia na xestión, o bo goberno corporativo, o compromiso co local e o medio-ambiente, o respecto aos dereitos humanos, a mellora das relacións laborais, a promoción da integración da muller, da igualdade entre homes e mulleres, da igualdade de oportunidades e accesibilidade universal de persoas con discapacidade e o consumo responsable. Esta lei realiza ademais moi diversas modificación noutras normativas como a Lei 24/1988 de Mercado de Valores en relación a aspectos de transparencia, a Ley de Sociedades Anónimas, a Lei de Contratos do sector público e mesmo diferentes aspectos da Lei de Transportes ou a Lei de xestión Tributaria entre outras. É polo tanto unha normativa que introduce modificacións que afectan a tódolos sectores, sexan estes públicos ou privados, en materia de economía sostible e co obxectivo claro de promulgar un crecemento e un desenvolvemento económico asentado nos principios da sostibilidade e a RSE.

3. 3. A RSE nas Comunidades Autónomas en España

Dentro do territorio español, da mesma forma que o goberno central leva a cabo políticas na materia, tamén os gobernos das Comunidades Autónomas son promotoras de políticas de

responsabilidade social onde na súa maioría contan con diferentes órganos responsables que levan a cabo proxectos variados neste ámbito.

O primeiro dos resultados que cabería esperar é a disparidade e as diferencias entre tódalas rexións posto que esta é tamén unha característica das diferentes políticas que engloban outros ámbitos. Outro dos aspectos a ter en conta neste caso, son os posicionamentos políticos en relación á RSE o que podería resultar na ausencia, como se verá, de políticas ou accións relacionadas con este ámbito.

Na seguinte táboa amósase unha breve descrición das diferentes políticas realizadas en materia de RSE en Comunidades Autónomas en España así como algúns dos proxectos máis destacados de cada unha destas. A información foi extraída do portal de Responsabilidade Social do Goberno de España que se actualiza periodicamente, onde se recompila moita da información desta materia así como unha listaxe de entidades relevantes, axudas e subvencións para tales fins ou mesmo diferentes investigacións realizadas entre outras.

Táboa 4

Políticas de RSE en Comunidades Autónomas de España

ANDALUCÍA

Departamento responsable

Non existe un departamento único ou órgano principal de xestión da RSE senón que, a Consellería de Facenda e Administración Pública, Emprego, Empresa e Comercio, a de Economía e Coñecemento, a de Igualdade e Políticas Sociais e a de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio realizan diferentes accións dentro das súas competencias.

Enfoque de RSE

Neste caso o enfoque da comunidade parte principalmente do impulso e incorporación de cláusulas sociais e ambientais que se dirixen a acabar obxectivos de política social, ética e medio-ambiental que garantan oportunidade de emprego, traballo digno, inclusión social, igualdade de oportunidades, conciliación familiar, comercio ético e respecto ao medio-ambiente entre outros.

Proxectos destacados

- Acordo do Consello de Goberno da incorporación de cláusulas sociais e ambientais nos contratos.

- Fondos para a sustentabilidade ambiental e social.
- Incorporación de criterios relacionados coa RSE aos convenios de traballo.
- Fomento da RSE para autónomos e economía social
- Fomento de plans de igualdade e conciliación así como de boas prácticas empresariais na loita contra o cambio climático e voluntariado ambiental.

ARAGÓN

Departamento responsable

Instituto Aragonés de Fomento

Enfoque de RSE

Esta comunidade ten en marcha o Plan de Responsabilidade Social de Aragón creado en conxunto coa CEOE de Aragón, CEPYME Aragón, UGT Aragón e CCOO Aragón co obxectivo de promover a RSE en autónomos, empresas e todo tipo de organizacións públicas e privadas na comunidade.

Proxectos destacados

- Inscripcións ao plan das entidades que decidan participar neste.
- Formación en RSE a participantes do plan.
- Entrega anual do selo de Responsable Socialmente en Aragón e premios ás mellores empresas ou organizacións.
- Creación do Observatorio da responsabilidade social de Aragón que tamén ten funcións consultivas e de asesoramento en responsabilidade social.

PRINCIPADO DE ASTURIAS

Departamento responsable

Non existe un departamento responsable senón que está descentralizado en diferentes órganos administrativos que realizan accións dentro das súas correspondentes competencias.

Enfoque de RSE

Neste caso óptase por non centralizar as competencias e actuacións nun só departamento en materia de RSE considerando o carácter transversal desta materia. Son ata catro consellerías dentro do goberno autonómico que realizan accións e actividades relacionadas directamente coa transparencia, igualdade, conciliación familiar e laboral, fenda salarial, contratación socialmente responsable, prevención de riscos laborais e promoción e fomento da RSE.

Proxectos destacados

- Implementación de novos aspectos de RSE dentro do Acordo para a Competitividade Económica e a Sustentabilidade Social en conxunto cos axentes sociais máis representativos, patronal (FADE), e sindicatos (UGT e CCOO).
- Dende o punto de vista interno, a Dirección Xeral da Función Pública realiza diferentes accións relacionadas coa conciliación ou racionalización de horarios entre outros dentro da Administración do principado.
- O Goberno do principado é membro do Instituto de Responsabilidade Social, iniciativa que nace no 2014 para promover a sustentabilidade e a responsabilidade social así como a transparencia e a igualdade.

CANARIAS

Departamento responsable

Dirección Xeral de Transparencia e Participación Cidadá

Enfoque de RSE

Neste caso realízanse diversas actividades formativas ao persoal público dentro das diferentes Administracións do goberno.

CANTABRIA

Departamento responsable

Dirección Xeral de Traballo

Enfoque de RSE

Dende a creación do Programa “Cantabria Responsable” promócióname a RSE entre as empresas cántabras procurando impulsar a inclusión desta dende o ámbito social, económico e medio-ambiental.

Proxectos destacados

- Convenio de colaboración coa Cámara de Comercio de Cantabria en materia de RSE e promoción da Economía Social. Realiza este organismo un servizo de asesoramento técnico nesta materia adaptado ás diferentes tipoloxías das empresas que permita a adopción de medidas responsables no tecido empresarial.

CASTILLA Y LEÓN

Departamento responsable

Dirección Xeral de Economía Social e Autónomos.

Enfoque de RSE

Dende o goberno de Castilla e León firmábase no ano 2005 o Acordo Marco para a Competitividade e Innovación Industrial que xa recollía un capítulo específico á RSE. No 2014 aprobábase o segundo destes acordos onde se incluía o Plan de Responsabilidade Social Empresarial de Castilla e León 2014-2020. Do mesmo xeito, dende o goberno estanse a aplicar directrices vinculantes aos órganos de contratación da Administración sobre a inclusión de cláusulas sociais, medio-ambientais e específicas de inclusión social dentro dos contratos celebrados.

Proxectos destacados

- Plan de Responsabilidade Social Empresarial de Castilla e León 2014-2020.
- Directrices vinculantes en materia de contratación que se inclúen dentro dun acordo e dirixidas á Administración Xeral e Institucional da comunidade.
- Reserva de prazas para persoas con discapacidade por medio dun decreto aprobado polo goberno.

CATALUÑA

Departamento responsable

Departamento de Traballo, Asuntos Sociais e Familia

Enfoque de RSE

Dende o goberno da comunidade procúrase indentificar, analizar e difundir as boas prácticas de implantación de RSE nas empresas e organizacións cataláns (Directorio RScat). Do mesmo xeito tamén se ofrecen ferramentas e recursos nesta materia e tamén se realizan accións de sensibilización, formación e educación en materia de RSE.

Proxectos destacados

Neste aspecto non se recollen proxectos específicos xa que se está a realizar diferentes negociacións e colaboracións con axentes sociais para a Iniciativa para a Reforma Horaria así como o lanzamento dunha ferramenta para que as empresas poidan diagnosticar a súa situación.

COMUNIDAD VALENCIANA

Departamento responsable

Consellería de Transparencia, Responsabilidade Social, Participación e Cooperación.
Dirección Xeral de Responsabilidade Social e Fomento do Autogoberno.

Enfoque de RSE

O Consell da Generalitat ten entre os seus obxectivos o de impulsar e dinamizar os procesos de implantación da cultura de responsabilidade social no conxunto da sociedade valenciana e estender e involucrar ás administracións públicas nesta materia.

Proxectos destacados

- Lei 18/2018, do fomento da responsabilidade social que inclúe á sociedade, empresas, administración pública e en xeral a organizacións públicas e privadas.
- Aprobación polo Consell dunha Guía práctica para a inclusión de cláusulas de Responsabilidade Social na contratación e subvencións da Generalitat e o seu sector público.
- Creación da Cátedra de Responsabilidade Social na Universidade de Alicante que ten como obxectivos a realización de formación, investigación e divulgación así como o perfeccionamento profesional neste ámbito.

EXTREMADURA

Departamento responsable

Oficina de Responsabilidade Social (dependente da Dirección Xeral do Traballo).

Enfoque de RSE

Neste caso a Xunta de Extremadura ten un enfoque normativo e institucional xa que ten desenvolto unha serie de normativas como leis ou decretos así como a creación de organismos específicos con funcións no ámbito da RSE no territorio. Do mesmo xeito destacan as accións de fomento e sensibilización pero tamén a posta en marcha dun sistema de cualificación e homologación de estándares sobre RSE.

Proxectos destacados

- Lei de RSE de Extremadura cuxo obxectivo é a promoción deste ámbito.
- Creación por decreto do Consello Autonómico para o fomento da RSE, a oficina de RSE en Extremadura e o regulamento de inscrición no rexistro de empresas extremeñas socialmente responsables.
- Observatorio de RSE que consiste nun portal de impulso e sensibilización sobre RSE.
- Creación da ferramenta ORSE de autoavaliación da RSE consistente nunha aplicación

- online que permite un diagnóstico ás empresas sobre a súa maduración nesta materia.
- Recoñecemento da Empresa Socialmente Responsable de Extremadura que se realiza mediante unha auditoría ou por verificación da Oficina de RSE.
 - Memorias anuais de responsabilidade social da Junta de Extremadura.

GALICIA

Departamento responsable

Secretaría Xeral de Emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Enfoque de RSE

O obxectivo principal neste caso é a divulgación e sensibilización tanto entre a sociedade como entre as empresas galegas sobre RSE. Do mesmo xeito tamén se ofrecen axudas e se realizan proxectos co obxectivo de facer o tecido empresarial máis competitivo e responsable.

Proxectos destacados

- Creación do Observatorio RSE en Galicia que realiza investigación e publica informes anuais sobre esta materia en empresas galegas.
- A creación do GREG_RSE que consiste no Grupo de Representación Empresarial Galego en materia de RSE que traballa en colaboración coa Administración en accións relacionadas neste ámbito.
- Xunta PRO RSE, ferramenta de software gratuíto, con indicadores propios e adaptada aos estándares da GRI e ao Pacto Mundial que permite ás empresas realizar unha autodiagnose en RSE e facilita a elaboración de memorias de sustentabilidade.
- Axudas anuais a empresas para a obtención de certificacións de normas e estándares de RSE ou a elaboración de plans de igualdade.
- Celebración dos Premios RSE Galicia onde se recoñece o traballo realizado das empresas no ámbito social, económico, ambiental, de igualdade e conciliación.
- Programa Responsabilízate, consistente nun programa de asesoramento e formación en RSE para pemes, micropemes e autónomos posto en marcha en 2016.

COMUNIDAD DE MADRID

Departamento responsable

Unidade de Autónomos, Economía Social e Responsabilidade Social das Empresas

Enfoque de RSE

Esta comunidade procura o fortalecemento por medio de diferentes accións da RSE no

seu territorio dentro do marco de actuación da Estratexia Española de Responsabilidade Social das Empresas aprobada polo goberno central.

Proxectos destacados

- Creación da Mesa de Responsabilidade Social da Comunidade de Madrid.
- Incorporación dentro do Programa de Formación e Emprendedores dun módulo en responsabilidade social.
- Fomento e impulso das cláusulas sociais dentro da contratación pública.
- A introdución de criterios de responsabilidade social de forma transversal nas distintas actuación do Goberno.

COMUNIDAD FORAL DE NAVARRA

Departamento responsable

Departamento de Desenvolvemento Económico (Dirección Xeral de Política Económica e Empresarial e Traballo).

Enfoque de RSE

Dende o goberno de Navarra vense impulsando a integración progresiva da responsabilidade social nas empresas do territorio por medio do impulso de diferentes políticas como programas formativos e de asesoramento a empresas, axudas técnicas e económicas. Ten colaborado este goberno incluso nun proxecto transfronteirizo na promoción e impulso da RSE ou mesmo co CERSE en diferentes xornadas e congresos.

Proxectos destacados

- InnovaRSE, programa que procura a implantación e desenvolvemento da responsabilidade social nas empresas navarras e a adopción das tres dimensións da sustentabilidade como son a ambiental, social e económica.
- Convocatoria de axudas para incentivar a implantación da RSE nas empresas da comunidade con máis de 5 empregados/as.
- Convocatoria de subvencións para proxectos en materia de RSE e de igualdade e conciliación.
- Creación dunha ferramenta de verificación para avaliar a veracidade das memorias de sustentabilidade das empresas.

REGIÓN DE MURCIA

Departamento responsable

Dirección Xeral de Relacións Laborais e Economía Social (Dependente da Consellería de Desenvolvemento Económico, Turismo e Emprego).

Enfoque de RSE

Dende o goberno realízanse accións nesta materia, tanto interna como externamente, que van dende a divulgación, promoción e formación tanto entre empregados/as públicos/as así como entre a cidadanía ou o tecido empresarial no territorio. Nunha clara aposta por este ámbito creouse a Comisión Interdepartamental de RSE que coordinou a elaboración da Estratexia Rexional de incentivación da RSE na Rexión de Murcia e que coordina tódalas accións na materia.

Proxectos destacados

- Publicación da Estratexia Rexional para o fomento da Responsabilidade Social Empresarial.
- Creación da Comisión Interdepartamental de Responsabilidade Social Empresarial.
- Participación no programa Enterprise 2020 que constitúe unha liña de acción da Estratexia Europea de RSE, lanzada pola Comisión Europea no 2011, para a promoción e difusión das mellores prácticas de RSE.

Fonte: Elaboración propia adaptado de: Ministerio de Trabajo y Economía Social. (2023). *Comunidades Autónomas y RSE*. {conxunto de datos}. Recuperado o 15 de maio de 2023, de <https://www.mites.gob.es/es/rse/ccaayrse/index.htm>

O primeiro dos aspectos a destacar no análise da información referida na táboa anterior é a disparidade existente entre as diferentes Comunidades Autónomas tal e como se aprecia. Cabería mencionar a non existencia de información sobre comunidades como Islas Baleares, Castilla La Mancha, La Rioja ou País Vasco o que podería indicar que dende o goberno destas non se aposta por este tipo de políticas. Con todo, é moi posible que nestas comunidades se desenvolvan accións relacionadas directamente coa responsabilidade social ou mesmo boas prácticas na inclusión de criterios de responsabilidade social por parte de empresas o que non podería considerarse propiamente RSE como tal pola falta dunha estrutura, organización ou planificación.

Un dos aspectos máis representativos da posición que os gobernos das comunidades teñen sobre este ámbito é a aprobación de normativa referida a este ámbito. Como se pode observar

na táboa, son dúas as comunidades que dispoñen de regulamentos normativos a estes efectos. A primeira destas, Extremadura, aprobou no seu parlamento a *Ley 15/2010, de 9 de diciembre, de responsabilidad social en Extremadura (2010)* a cal ten por obxecto a promoción da RSE dentro da comunidade e recolle aspectos da creación de oficinas específicas así como rendición de contas da Administración ou publicación de memorias referidas a esta materia. A outra das comunidades referidas é a Comunidade Valenciana que aprobou no 2018 a súa *Ley 18/2018, de 13 de julio, para el fomento de la responsabilidad social*, de aplicación para o sector público como administracións e entidades institucionais así como para o privado, incluíndo a empresas, cooperativas e entidades de economía social, organizacións ou autónomos/as con centros de traballo, oficinas ou establecementos localizados dentro do territorio da Comunidade Valenciana.

Se ben é certo que algunhas destas Comunidades Autónomas amosan un mellor compromiso co RSE e contan con plans, programas ou mesmo a creación de organismos e ferramentas especializadas, un dos aspectos que se poden observar é a extensión deste tipo de políticas dentro do territorio español. Existe un claro posicionamento por parte da maioría dos gobernos territoriais o que xunto coa aposta e as políticas do goberno central pódese considerar que este ámbito vai continuar a súa andadura dentro de tódolos niveis de goberno polas súas implicacións.

3. 4. Beneficios e resultados que aporta a RSE

Tal e como afirmaba Carroll (1979), a dimensión económica é onde se basea toda a actividade dunha empresa posto que a finalidade principal desta é ser rendible e producir un beneficio que permita a supervivencia. Asentadas nesta dimensión, atópanse todas e cada unha das decisión que se toman no seo dunha empresa, entidade, organización ou institución pois, os recursos dos que se dispón son sempre limitados e todas e cada unha das actuacións destes organismos producen un gasto ou un uso destes. É polo tanto un punto importante a ter en conta, realizar unha boa xestión dos recursos económicos dos que se dispón de forma que produzan os máximos beneficios posibles.

Tendo en conta o citado anteriormente, unha das primeiras preguntas que se podería formular en relación á RSE, sería se a implementación desta nas empresas é unha decisión que

produciría bos resultados ou algún tipo de beneficio para a entidade. Segundo Espinosa *et al* (2013) os beneficios dunha empresa socialmente responsable son os seguintes:

- Atrai inversores: ao mellorar a imaxe da empresa fronte á comunidade de empresarios e inversores, pois amósanse como negocios con futuro e seguridade.
- Aumenta os niveis de satisfacción, pertenza, compromiso e lealdade dos empregados/as: promoven a estabilidade e o benestar do público interno.
- Mellora a relación coa contorna e incrementa a influencia da empresa na sociedade.
- Reduce os custos operativos: as accións de RSE en especial aquelas encamiñadas ao medio-ambiente, reducen os gastos e improdutividade, como o reciclaxe e enerxías alternativas.
- Posiciona e diferencia a marca fronte á competencia: outorga aos seus produtos valor engadido fronte á competencia.
- Permite acceder e influír positivamente en líderes de opinión.
- Acceso a capital: as iniciativas de RSE aumentan cada ano segundo o Foro de Inversión Social, o cal ten explicación en que teñen acceso a capital.
- Mellora a *performance* financeira da empresa: segundo a *Business and Society Review 1999*.

Outro dos enfoques desenvolto, froito da evolución do propio concepto de RSE é o coñecido como Creación de Valor Compartido (CVC) que menciona Figueroa *et al* (2022). Este baséase na consideración de que os e as empresarias deben ser conscientes do novo rol que teñen na sociedade non só como xeradores de beneficios para accionistas e inversores/as, senón tamén como axentes de creación de valor para os demais grupos de interese que entran en relación coa actividade da organización. Esta creación de valor garda relación directa co aumento da competitividade das empresas segundo estes autores posto que a adopción da RSE tradúcese nun factor diferenciador que beneficia a imaxe corporativa tanto da empresa como dos produtos e servizos que poida ofrecer. Para estes autores as variables de competitividade que son influenciadas polas estratexias empresariais de RSE son: a imaxen corporativa, diferenciación de produtos e servizos, fidelización de clientes, permanencia no mercado, aumento de vendas, vantaxe como provedores fronte a outros e valorización da marca.

Por outro lado, autores como Mendoza-Woodman (2022) afirman que a implementación da RSE en pequenas e medianas empresas (PEMES) mellora a satisfacción do persoal da

organización o que permite aumentar a produtividade do negocio. Do mesmo xeito afirma que mellora a reputación da empresa, a imaxe ou marca, debido ao impacto social das súas accións e os beneficios que aporta cara a cohesión social da súa comunidade. Estes beneficios da implantación de RSE dentro das organizacións tamén pasan polo aumento das vendas e a redución nos custos de produción ao ter traballadores/as máis comprometidos/as coa empresa.

Para autoras como Río (2012), existe unha clara influencia entre a adopción e boa xestión por parte dunha empresa da RSE e a súa reputación. Afirma esta autora que a implementación de sistemas de responsabilidade social dentro das organizacións é esencial para obter unha adecuada reputación corporativa e unha boa imaxe da compañía. Forman estes dous aspectos, reputación e imaxe, parte dos recursos intanxibles das empresas que igualmente necesitan dunha atención e unha boa xestión en prol de mellorar a competitividade empresarial.

Do mesmo xeito, organizacións como Forética, especializada en sostibilidade e RSE, conclúen no seu traballo *Informe RSE y Marca España: Empresas sostenibles, país competitivo* (2014), que a nivel micro, as compañías coa maior cualificación en materia de sostibilidade, outro dos aspectos que recolle a RSE, teñen un mellor comportamento bolsista e mellores ratios de desempeño financeiro.

3. 5. Conclusións

A partires do análise do concepto e a teorización da Responsabilidade Social Empresarial así como unha revisión a súa historia e amplitude, queda constatada a súa importancia e o papel desenvolto dentro das políticas de Europa e España. Preséntase este concepto como unificador de obxectivos económicos, ambientais e sociais dentro das diferentes estratexias empresariais que poden desenvolver tanto grandes, medianas ou pequenas empresas. Deste xeito, a RSE procura formar parte do marco de actuación das organizacións empresariais e lexitimar estas non só como produtoras de lucro e beneficios económicos, senón tamén en organizacións que promoven o desenvolvemento integral da sociedade dende o respecto dos dereitos humanos e o medio-ambiente.

Do mesmo xeito, a adopción da RSE converte ás empresas en axentes de creación de valor compartido (CVP) onde son tamén beneficiarios todos aqueles grupos de interese que están relacionados directa e indirectamente coa actividade da empresa.

Como se afirma en diferentes estudos referidos anteriormente, a relación entre RSE e competitividade é directa, isto é, a adopción por parte das empresas de estratexias e prácticas de responsabilidade social, beneficia e mellora a competitividade destas. Colabora esta adopción de estratexias e realización de prácticas de RSE a aumentar boa parte dos recursos intanxibles das empresas e sitúa a estas en mellor posición que as súas competidoras que non desenvolven este tipo de accións. Neste aspecto cabería concluír que a competitividade é unha variable dependente de moitos aspectos, debido a isto, a RSE non é o único elemento que pode producir melloras nesta, pero si que é unha que pode influír en grande medida posto que impacta con diferentes elementos da competitividade empresarial nomeados.

Ten especial relevancia e queda constatada a importancia que teñen as políticas públicas neste ámbito como promotoras e de fomento e espallamento da RSE así como a aposta dos gobernos por este tipo de prácticas. Foron presentadas as diferentes políticas tanto de Europa como de España e nas diferentes rexións, como nas Comunidades Autónomas, que procuran neste senso a creación de valor compartido e o aumento da calidade de vida das persoas. Son este tipo de políticas, plantexadas dende os tres aspectos principais da RSE, social, ambiental e de gobernanza, unha das ferramentas de transformación e canalización das demandas da sociedade e do mesmo xeito, unha clara declaración dos posicionamentos políticos actuais de gobernos rexionais, nacionais e supranacionais.

Polas súas implicacións, tal e como se presentou, a RSE é unha boa ferramenta de mellora de aspectos externos como a competitividade da empresa, a mellora da imaxe, ou a atracción de inversores ou capital entre outros. Pola outra banda, a nivel interno, a adopción de prácticas de RSE por parte das empresas produce beneficios en forma de promoción da estabilidade e satisfacción de empregados/as e tamén mellora da eficiencia e redución de custos de produción. Tendo en conta a proliferación de normativa relacionada con aspectos que recolle a RSE nos diferentes niveis de goberno, europeo, nacional e autonómico, cabería pensar que se fai necesario a creación de proxectos que impulsen e promovan a adopción destas prácticas entre as empresas e melloren o coñecemento deste ámbito entre a cidadanía.

4. Proxecto LocalRSE

A responsabilidade social é considerada un dos factores fundamentais dentro do ámbito da economía como unha necesidade implícita que leva xestándose nas últimas décadas. A definición de Responsabilidade Social Empresarial (RSE) está relacionada con aquelas empresas que crean valor social, ambiental e de gobernanza, tanto a medio como ao longo prazo, para contribuír ao benestar das comunidades onde se sitúan e operan. Este tipo de empresas cunha visión centrada no principio da responsabilidade non procuran unicamente unha rendabilidade económica das súas actividades senón que tamén adoptan como propias as preocupacións sociais, medio-ambientais e de garantía de reparto equitativo dos recursos e beneficios. Nun mercado no que cada vez máis os/as consumidores/as valoran o compromiso das empresas cun desenvolvemento sostible e máis responsables, contar cunha estratexia de responsabilidade social constitúe un valor engadido e un posible factor esencial cara o éxito empresarial.

Sendo o campo da RSE amplamente estendido nas grandes corporacións, son moitas as medianas e pequenas empresas as que se suman á procura de asesoramento de cara a implementar modelos de xestión responsable logo de ver a mellora nos resultados e o que isto supón na garantía da súa supervivencia. Un campo este no que moitos dos observatorios españois especializados sinalan que a implantación destas medidas nas empresas non son en ningún caso un gasto, senón unha inversión tanto a medio como a longo prazo. Ten do mesmo xeito unha relevancia importante a adopción destas medidas no relativo ao acceso a novas fontes de financiación e ao mesmo tempo a adecuación das empresas aos criterios que conforman as novas normativas ambientais, sociais ou mesmo económicas. Outra das melloras que este cambio de modelo aporta ás empresas é a adecuación destas aos criterios estratéxicos dos contratos do sector público o que facilita en calquera caso o acceso as convocatorias e aos procesos de licitación das Administracións públicas.

O Proxecto LocalRSE nace da necesidade de apoiar ás empresas galegas no seu camiño cara un novo modelo económico baseado nos principios de sustentabilidade e responsabilidade e por outra parte promover unha sociedade máis informada e concienciada sobre este ámbito así como os beneficios que este pode aportar neste caso na Comunidade Autónoma de Galicia.

4. 1. Descrición e referencias tácticas e estratéxicas do proxecto

LocalRSE consiste esencialmente nun proxecto local de mentorización e servizo de apoio para as empresas localizadas nun termo municipal sobre a adaptación destas aos criterios da Responsabilidade Social Empresarial enmarcado na Comunidade Autónoma de Galicia. Mediante accións de formación e apoio ou actividades de promoción e difusión, o proxecto procura a construción dun tecido empresarial máis responsable e unha cidadanía máis coñecedora e informada sobre o ámbito da responsabilidade social e o seu impacto na sociedade.

Segundo Ander-Egg e Aguilar (2005), un proxecto é un conxunto de actividades concretas, interrelacionadas e coordinadas entre si, que se realizan co fin de producir determinados bens ou servizos capaces de satisfacer necesidades ou resolver problemas. Cabería engadir a esta definición que este conxunto de actividades debe encaixar nos límites dun presuposto e nun período de tempo establecido dentro da propia planificación do proxecto.

Dentro da definición de proxecto que ofrecen García e Ramírez (1996) tamén fan referencia aos inputs e outputs dun proxecto cando din que un proxecto constitúe o enunciado da intervención de acadar determinados resultados concretos (outputs finais) mediante a provisión de servizos: tratamentos técnicos, axudas materiais ou económicas, actividades e outros (outputs intermedios) precisando os recursos necesarios para facer efectiva tal oferta (inputs tanxibles), o nivel e modalidades de combinación dos mesmos, así como a súa interacción co entorno institucional, persoal e social (inputs intanxibles). Con todo o exposto, débense diferenciar dous tipos de proxectos de intervención tal e como os definen García e Ramírez:

- Proxectos de intervención directa: que se propoñen como innovacións ou melloras na situación na que se atopan persoas, familias ou grupos, incluso para toda a poboación dun mesmo territorio por medio de accións directas.
- Proxectos de carácter instrumental: que se centran na creación dun novo recurso ou servizo, os que pretenden mellorar a calidade ou mesmo que buscan formar ás persoas profesionais aumentando deste xeito as cualificacións destas. En síntese, diferéncianse no carácter indirecto das melloras que pretende. As persoas destinatarias beneficianse da mellora dun servizo ou da calidade deste ou mesmo dun servizo de nova creación.

O proxecto LocalRSE, con carácter de intervención directa, enmárcase dentro do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 (2022) e máis especificamente dentro da Estratexia Galega de RSE que inclúe precisamente obxectivos específicos dentro dos eixes 2-Galicia verde e sostible, 3-Competitividade e crecemento e 4-Cohesión social e territorial deste plan estratéxico.

Está dirixida esta Estratexia Galega de RSE a tres actores principais como son a sociedade, as empresas e as administracións públicas co obxectivo de adaptarse ás novas necesidades que garantan un desenvolvemento sostible e favorezan á competitividade das empresas, aliñando ás organizacións cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e a Axenda 2030. Desta forma, promovendo unha sociedade máis igualitaria e integradora que acade a reducir as desigualdades e mellorar a calidade de vida e a conservación do entorno.

Axenda 2030

A Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible adoptada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas en 2015, é un plan de acción a favor das persoas, o planeta e a prosperidade que os estados membros aprobaron de cara ao cumprimento dos retos que este acordo considera. Consistente en 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e 169 metas de carácter integrado e indivisible, abarcan os ámbitos social, ambiental e de gobernanza. Son neste caso e tal como se referencia anteriormente os mesmos ámbitos dos que se ocupa ou nos que se centra a RSE.

A *Estrategia de Desarrollo Sostenible 2030* (EDS 2030) é o documento principal dentro do territorio español que pretende dar resposta aos retos plantexados dende Nacións Unidas e que do mesmo xeito está composto por unha serie de obxectivos ou retos que implican a tódolos axentes sociais. Denominados neste documento como Retos País, os obxectivos marcados procuran dar solución aos desafíos detectados dentro do territorio nacional e pretenden ser igualmente unha folla de ruta nas diferentes comunidades autónomas ou nas diferentes entidades locais de todo o territorio. Se ben a EDS 2030 está deseñada igualmente dende os tres aspectos principais da RSE como son o social, ambiental e de gobernanza, cabería especificar que os diferentes retos e accións máis relacionadas co Proxecto LocalRSE non engloban toda a estratexia. Estes aspectos referidos e relacionados co proxecto están localizados nos puntos expostos na seguinte táboa (Táboa 6).

Táboa 5

Relación entre LocalRSE e os Retos País da EDS 2030

RETO PAÍS 2. Facer fronte á emerxencia climática e ambiental

Enmarcado dentro do ODS13 Acción polo clima, este reto está centrado na defensa do medio-ambiente e en políticas que respecten os límites do planeta mediante accións como a transición enerxética, o control da contaminación atmosférica ou a xestión sostible dos recursos naturais entre outros.

RETO PAÍS 3. Pechar a fenda da desigualdade de xénero e poñer fin á discriminación

Centrado este reto no ODS5 Igualdade de xénero, procura poñer fin ás desigualdades e discriminacións por razón de xénero ou orientación sexual e acadar unha equidade en tódolos ámbitos da vida como o laboral, dixital, etc.

RETO PAÍS 4. Superar as ineficiencias dun sistema económico excesivamente concentrado e dependente

Principal reto dentro do ámbito empresarial, está relacionado directamente este co ODS9 Industria, innovación e infraestruturas. Aporta esta estratexia nacional a política aceleradora dun novo modelo económico e produtivo verde, dixital e xusto que abarca tódolos sectores económicos. Da mesma forma con accións de promoción da economía social e articulados dende a innovación social colectiva.

RETO PAÍS 5. Poñer fin á precariedade laboral

Outro dos retos centrado no mercado laboral e no ámbito empresarial e social que se aliña co ODS 8 Traballo decente e crecemento económico e que procura a creación dun emprego de calidade e estable mediante políticas aceleradoras. Sendo este un problema diagnosticado en España, este reto acompáñase de diferentes medidas como a mellora dos contratos laborais e dos convenios, a creación de programas de emprego ou mesmo a modernización e reforzo da formación para o emprego que garanta un traballo digno para as persoas.

Fonte: Elaboración propia adaptado de: Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030. (2021). *Estrategia de Desarrollo Sostenible 2030. Un proyecto de país para hacer realidad la Agenda 2030.* {conxunto de datos}. <https://www.mdsocialesa2030.gob.es/agenda2030/documentos/eds-cast-acce.pdf>

Do mesmo xeito que acontece no anterior apartado coas accións da Estratexia Galega de RSE 2023-2025, a EDS 2030 tamén plantexa neste caso, como se aprecia na táboa anterior, diferentes políticas relacionadas directamente cos criterios que rexen a responsabilidade social. Son polo tanto estes tres documentos mencionados nos que se encadra o Proxecto LocalRSE e conforman o marco de actuación e as referencias tácticas e estratéxicas deste proxecto.

Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030

O terceiro dos plans estratéxicos de Galicia, PEG 2022-2030, comezou a súa andadura no ano 2019 cando se constituíron as mesas de traballo que buscaban dar solución aos principais retos que esta comunidade autónoma ten. Son xa tres os plans que procuraban ser a folla de ruta no deseño e construción do futuro desta comunidade. O PEG 2010-2014 e o PEG 2015-2020 son boa parte do traballo previo de cara a o deseño final do actual plan.

Neste caso, o PEG 2022-2030, está centrado en dez retos estratéxicos como son: Crecemento económico, Emprego, Redución do abandono escolar, Poboación con estudos superiores, Inclusión, Cambio climático, Enerxía, Demografía e Converxencia. Estes retos, que buscan dar solución a moitas das problemáticas actuais e futuras, foron deseñados logo dun amplo diagnóstico e para os que se aportan os seguintes eixes: O reto demográfico, Galicia verde e sostible, Competitividade e crecemento e Cohesión social e territorial. Fundamentado taticamente este plan na Axenda 2030 da Unión Europea, está aliñado cos obxectivos de desenvolvemento sostibles (ODS) e inclúe a tódolos axentes da sociedade como son as administracións públicas, axentes representantes no eido económico, empresas e a toda a sociedade civil. É polo tanto un plan que busca a implicación de toda a sociedade e da mesma forma e especificamente das empresas e das entidades locais e dos seus gobernos.

Un dos aspectos máis relevantes dentro deste plan para o proxecto LocalRSE presentado neste traballo é a creación da Estratexia Galega RSE 2023-2025 que se desenvolve dentro do marco do PEG 2022-2030 e pretende ser unha ferramenta específica onde empresas e administracións traballen de cara a unha sociedade responsable e cun desenvolvemento sostible. Esta estratexia ten deseñada unha serie de obxectivos para cada un dos axentes neste caso identificados como son as empresas, a sociedade e a Administración pública.

Táboa 6

Obxectivos da Estratexia Galega RSE 2023-2025 para os axentes implicados

EMPRESAS

Transformación dos modelos de negocio

Apoio da transformación cara modelos de negocio máis sustentables e dixitais.

Bo goberno e transparencia

Formación, sensibilización e apoio ás empresas a adoptar sistemas de transparencia e bo goberno corporativo que axuden a anticiparse ás esixencias do mercado e permitan acceder a novas fontes de financiación.

Atracción e desenvolvemento do talento

Desenvolver un entorno de traballo inclusivo, diverso e seguro que lle garanta ás empresas galegas contar con talento necesario para a transición cara unha economía dixital e sustentable fronte ao aumento da regulación en materia laboral.

Solucións de impacto social e ambiental

Implusar que as empresas se orienten a solucións innovadoras e aos retos do desenvolvemento sustentable, con atención ao seu impacto social e ambiental.

SOCIEDADE DE FUTURO

Competencias para o futuro

Formar unha forza laboral capacitada para unha economía dixital e sustentable e mellorar as relacións co tecido empresarial.

Sensibilización e consumo responsable

Fomento do consumo responsable e mellora dos hábitos de vida sustentable como parte dunha nova cultura que mellora a calidade de vida da cidadanía dende o respecto coa contorna e coas persoas.

Alianzas e participación

Fomento de redes de colaboración entre a cidadanía e empresas que permita un diálogo fluído e constante cos diferentes axentes da sociedade galega.

Coñecemento da RSE

Xerar mobilización social que permita a incorporación de máis empresas á estatexia de RSE e ofrecer unha ferramenta de confianza para elixir produtos sustentables.

ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Papel exemplarizante da Administración

Implantar as mellores prácticas en materia de RSE dentro da organización da Administración de modo que sirva de exemplo e permita impulsar accións nas empresas do seu territorio.

Formación e sensibilización do capital humano na administración.

Prover ao persoal das administracións da formación, coñecementos e competencias necesarios para liderar a transformación cara unha economía sustentable e dixital.

Fomento da compra pública responsable

Fomentar as boas prácticas entre os provedores locais e facilitar a chegada ao mercado de produtos e servizos baseados en criterios de sustentabilidade.

Fonte: Elaboración propia a partir de: Xunta de Galicia. (2023). *Estratexia Galega de RSE*. {conxunto de datos}. Recuperado o 15 de maio de 2023, de <https://rse.xunta.gal/index.php/gl/estratexia-galega-de-rse>

Tal e como se aprecia na táboa anterior, existen diferentes accións para cada un dos axentes nos que un dos aspectos fundamentais en común é a formación e accións de promoción da RSE dentro da sociedade ou no entorno interno de administracións e empresas. Isto destaca un dos puntos relevantes dentro da RSE como é o descoñecemento e a pouca formación especializada existente tanto entre a cidadanía como nas Administracións publicas ou mesmo entre as pequenas empresas. É polo tanto un campo de actuación novidoso e necesitado de accións que melloren os coñecementos e competencias da sociedade referidos á responsabilidade social e todos aqueles ámbitos e resultados que esta pode aportar.

4. 2. Ámbito territorial e desenvolvemento temporal

En relación ao ámbito territorial de aplicación do proxecto LocalRSE, débese concretar que se delimita en primeiro lugar á Comunidade Autónoma de Galicia xa que, o marco estratéxico no que se encadra está delimitado neste territorio e por outra banda este debe respectar especialmente toda a normativa desta división territorial.

En segundo lugar, o proxecto ten un carácter local, isto é, a súa aplicación e execución está encadrada dentro do territorio municipal polo que debe axustarse ás normativas propias deste nivel de goberno así como as competencias destas entidades territoriais.

A principal normativa que delimita neste caso o proxecto sería neste caso aquela que enumera e regula as competencias dos gobernos locais e, por outra, o ámbito de actuación destas entidades. Esta normativa sería a *Lei 7/1985, de 2 de abril. Reguladora de las Bases de Régimen Local*, onde se definen e delimitan as competencias e potestades destas entidades así como a súa área de actuación.

A determinación do desenvolvemento temporal do proxecto LocalRSE precisa dunha exposición de dous aspectos nos que se basea todo o proceso e que consisten por unha parte no deseño, creación e certas accións iniciais denominado este período como Fase Inicial e, por outra parte, da denominada Fase de Execución e Avaliación que comprendería dende a realización de actividades máis externas, talleres formativos, campañas publicitarias e mesmo o proceso de avaliación do propio proxecto entre outras.

A previsión temporal tería como inicio o mes de agosto do 2023 e remataría esta primeira fase en xaneiro do ano 2024. Por outro lado, a execución e posta en marcha do resto de actividades, así como o proceso final de avaliación tería lugar entre febreiro e agosto de 2024, isto tradúcese nun desenvolvemento total de 12 meses.

Táboa 7

Desenvolvemento temporal do proxecto

| INICIO | FINALIZACIÓN |
|----------------|---------------------|
| Agosto de 2023 | Agosto de 2024 |

Fonte: Elaboración propia

4. 3. Fundamentación

O sistema económico imperante, a empresa, é xunto aos consumidores e o Estado un dos tres axentes da actividade económica dun país. A empresa como impulsor fundamental da economía, leva cumpridos numerosos roles na historia. Dende a revolución industrial ata a actualidade, tanto as empresas como os modelos económicos foron mudando ao longo do tempo. Dende modelos capitalistas a socialistas ou planificados, pasando pola combinación destes en modelos de economía mixta, tanto a sociedade como as empresas e igualmente o Estado foron adaptándose aos seus respectivos roles en cada momento.

Historicamente as empresas foron creadas como entidades económicas coa misión de prover con bens e servizos á sociedade, e son nas últimas décadas nas que a empresa adquiriu un significado e un papel máis complexo. Dende o capitalismo industrial onde os sistemas económicos se baseaban na produción e proliferaban as chamadas empresas industriais, que se centraban en actividades transformadoras, os modelos económicos foron igualmente evolucionando.

Tal e como apuntaba Carroll (1991), nalgún punto, a idea de producir o máximo beneficio transformouse na motivación central das empresas e isto converteuse nun valor perdurable no tempo. A creación de beneficio económico era a principal misión da empresa, asentando as bases dun modelo que se baseaba no sistema capitalista onde os aspectos económicos eran o elemento principal. Con todo, este sistema histórico económico leva anos sendo duramente cuestionado e criticado por parte da sociedade, que demanda unha regulación menos permisiva para coas empresas e un compromiso destas pola adopción das preocupacións sociais. Tal e como afirmaba Carroll, as empresas adquiriron ao longo do tempo a consciencia de que o seu rol non se limitaba a ser meras provedoras de bens e servizos, senón que, a influencia da súa actividade tiña tamén unha repercusión directa na súa contorna e as súas accións podían influír no seu posicionamento.

Nos últimos anos lévase presenciado unha evolución no pensamento e a acción dos gobernos europeos e noutras rexións do mundo sobre a importancia de promover empresas responsables e sostibles e, do mesmo xeito, regular o comportamento empresarial en relación á RSE ou aspectos ambientais, sociais e de goberno corporativo (ASG). Cabería destacar que esta evolución é diferente nos distintos países e á súa vez motivada por variadas razóns tales como, cambios de orientación na política do goberno ou mesmo por eventos internacionais de gran importancia como foi o Cumio das Nacións Unidas sobre Desenvolvemento Sostible de Johannesburgo de 2002 ou mesmo a publicación da Axenda Social Europea no ano 2005. Neste último documento xa se esbozaban moitas das liñas estratéxicas nas que a Comisión Europea asentaría as súas políticas onde se facía referencia explícita á responsabilidade social das empresas.

No continente europeo, os países membro da UE levan producido diferentes programas, estratexias e políticas nalgúns casos orientadas a mellorar a transparencia nas empresas ou noutros, para promover unha estratexia de competitividade ligada á sostibilidade. Son parte

destas políticas mesmo a promoción de prácticas concretas en áreas como a xestión da diversidade, conciliación laboral, sensibilidade sobre o cambio climático ou a promoción do consumo responsable entre outras moitas.

A Comisión Europea ven de publicar o pasado 2022 unha nova proposta de directiva que afecta ás empresas en materia de sostibilidade e que se centra nos impactos producidos por estas en materia de dereitos humanos, o impacto climático e medio-ambiental, así como en termos de resiliencia das empresas ao longo prazo. Segundo Forética (2021), asociación líder en sostibilidade e RSE en España, hai un claro compromiso da Unión Europea por un futuro sostible para os próximos anos. Para esta asociación, a adopción de normativa de obrigado cumprimento en aspectos ambientais, sociais e en materia de gobernanza está medrando exponencialmente.

Táboa 8

Evolución de regulacións europeas relacionadas coa RSE e criterios ASG

CRITERIOS AMBIENTAIS

Neste aspecto, o Pacto Verde Europeo é a folla de ruta para transformar Europa no primeiro continente climaticamente neutro en 2050. A Lei Europea do Clima é o principal fito da Comisión Europea para acadar os obxectivos do pacto. Xunto con isto, a comisión decidiu aumentar con 13 novos proxectos de lei ou reformas en materia de clima, enerxía, transporte e fiscalidade co fin de reducir as emisións netas de gases de efecto invernadoiro.

Por outra banda, neste aspecto tamén se recolle o Regulamento de Taxonomía que é considerado un sistema de clasificación que inclúe criterios de desempeño para determinar que actividades económicas contribúen realmente a acadar os obxectivos do Pacto Verde. Este regulamento é de aplicación para empresas suxeitas á Directiva sobre divulgación de información non financeira e diversidade e tamén o será para aquelas que se atopen baixo o ámbito de aplicación da nova Directiva 2013/34/UE de presentación de información sobre sostibilidade por parte das empresas.

CRITERIOS SOCIAIS

En materia social destacan a Directiva relativa á conciliación da vida familiar e a vida profesional de proxenitores e cidadáns que contribúe a acadar a igualdade entre homes e mulleres no que respecta ás oportunidades dentro do mercado laboral. Neste ámbito tamén destaca a proposta de Directiva de Transparencia Salarial que podería ter carácter vinculante para tódolos estados membro e que procura garantir a igualdade retributiva entre homes e mulleres. Do mesmo xeito, a futura iniciativa lexislativa de debida dilixencia corporativa en dereitos humanos e medio-ambiente que impulsará ás empresas a identificar, avaliar e dar seguimento aos impactos que produzan en materia de dereitos humanos.

CRITERIOS DE GOBERNANZA

Nesta materia, dende a publicación do Plan de Acción de Finanzas Sostibles no 2018, relacionado co xa mencionado Regulamento de Taxonomía, son moitas as iniciativas por parte da Comisión Europea que promoven a gobernanza sostible das organizacións e un desenvolvemento sostible dos mercados. Dentro deste plan, as accións principais pasan pola promoción de gobernos corporativos sostibles que prioricen no longo prazo a toma de decisións e dean resposta ás necesidades e expectativas dos grupos de interese. Neste senso, a xa nomeada Directiva 2013/34/UE de presentación de información sobre sostibilidade por parte das empresas, garda igualmente relación nesta materia e á súa vez, a UE continúa a traballar en normativa relacionada coa promoción da gobernanza sostible en tódolos ámbitos, sexan públicos ou privados.

Fonte: Elaboración propia adaptada de: Forética. (2021). *La sostenibilidad en las empresas públicas desde la triple perspectiva ESG. Compromiso con los nuevos marcos regulatorios de sostenibilidad de la Unión Europea.* https://foretica.org/wp-content/uploads/sostenibilidad_empresas_publicas_perspectiva_esg.pdf

Tal e como se aprecia na táboa, a aposta europea pola sostibilidade e RSE ou criterios ambientais, sociais e de bo goberno (ASG) é clara, e seguirá medrando ao longo do tempo. Se ben as directivas existentes promulgadas pola UE, e presentadas na táboa, afectan directamente a grandes empresas, as diferentes regulacións nacionais tamén son influíntes en medianas e pequenas empresas. Poderíase afirmar que a RSE é unha realidade dentro das políticas que se promoven dende estas institucións supranacionais o que moldea e transforma os modelos económicos europeos cara un novo paradigma.

Dende esta asociación, Forética, tamén apuntan unha serie de tendencias para o ano 2023 no seu documento *Tendencias ESG 2023. Claves para la agenda empresarial de sostenibilidad (2023)* que están relacionadas directamente coa RSE e pasan pola adopción de estratexias de sostibilidade por parte das empresas, a incorporación de factores sociais nas actividades das empresas como fonte de estratexia competitiva e mesmo a inclusión de prácticas de rendición de contas pola proliferación de normativa neste ámbito.

Máis centrado no caso español, tal e como se apuntou anteriormente, hai unha clara aposta polas políticas de RSE tanto a nivel nacional como rexional. Na maioría de Comunidades Autónomas son moitas as políticas levadas a cabo neste senso, ademais de diferentes plans e programas nesta materia. Se ben é certo que na súa maioría son estas accións principalmente de fomento e promoción da RSE, tal e como se presentou no capítulo 3, tamén se levou a cabo a aprobación de normativa referida especificamente a esta materia en dúas comunidades. A Lei 15/2010 de RSE de Extremadura e a Lei 18/2018 de Valencia son dous claros exemplos da amplitude e do crecemento progresivo que este ámbito ten e seguirá a ter no tempo. A publicación da *Estrategia Española de Responsabilidad social de las Empresas 2014-2020* é, do mesmo xeito, un claro posicionamento nesta materia que inclúe non só a empresas, senón tamén administracións públicas e ao resto de organizacións para avanzar cara unha sociedade e unha economía máis competitiva, produtiva, sostible e integradora.

Estratexia Española de RSE 2014-2020


Publicada no 2014, este documento procura segundo a súa exposición de motivos ser unha folla de ruta que permita ás empresas mellorar a súa competitividade por medio da adopción de prácticas de responsabilidade social o que podería impulsar o desenvolvemento sostible e incidir na xeración de emprego.

Por outro lado, esta estratexia pretende ser un elemento clave para a sociedade no seu conxunto xa que a RSE conleva unha serie de valores sobre os que debe construírse unha sociedade cohesionada e na que basear a transición cara un modelo económico máis sostible. Por último, ten en conta este documento ás administracións públicas en primeiro lugar polo seu papel na promoción, impulso, difusión e apoio da RSE nas empresas e organizacións e, en segundo lugar, polos beneficios que a adopción de prácticas socialmente responsables por parte destes organismos pode aportar de cara á efectividade na súa actividade.

Tal e como se pode apreciar na seguinte figura (Figura 2) a visión desta estratexia está centrada no apoio de prácticas responsables das organizacións públicas e privadas, enmarcadas en principios como os de voluntariedade, creación de valor compartido (CVC), competitividade, cohesión social, transparencia e sostibilidade.

Figura 2

Estrutura da Estratexia Española de RSE 2014-2020



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social. (2014). *Estrategia Española de Responsabilidad Social de las Empresas*. <https://www.mites.gob.es/ficheros/rse/documentos/eerse/EERSE-Castellano-web.pdf>

Os obxectivos estratéxicos desta estratexia están baseados principalmente na promoción, impulsión e difusión da RSE o que tal e como se mencionou non está en contraposición coa aprobación de normativa na materia. Tal é o caso de Extremadura coa Lei 15/2010 e Valencia coa Lei 18/2018, que si ben estas normativas teñen como obxecto a promoción e o fomento da RSE dentro destas comunidades, son un bo exemplo de compromiso claro que vai máis alá de plans, programas ou estratexias.

Aprobada esta estratexia en 2014 e prorrogada en 2020, distintas organizacións afirman que non acadou as súas pretensións por diversas razóns. Dende a Dirección Xeral de Traballo Autónomo, da Economía Social e a RSE iniciáronse a finais do pasado ano 2022 os traballos de avaliación do grao de aplicación e resultados desta estratexia de cara á elaboración dun novo documento. Segundo estas organizacións, dende a publicación deste documento, o marco normativo e os conceptos vinculados á RSE cambiaron totalmente.

Os principais avances producidos en materia de igualdade, medio-ambiente ou mesmo transparencia tanto nacionais como europeos fan necesario unha nova estratexia adaptada á realidade e cuns obxectivos alcanzables. Segundo Jauregui (2019), son catro os factores aos que se debería prestar atención para mellorar o impulso da RSE:

- A RSE non penetrou como un elemento estratéxico nos consellos de administración ou directivos de empresas. É máis un compoñente de reputación e de publicidade corporativa de mellora da imaxe que se leva a cabo as máis das veces polas fundacións das propias compañías. É polo tanto unha falsa RSE.
- A ecuación entre inversións en responsabilidade social e sostibilidade empresarial e os beneficios xerados en termos reputacionais ou incluso económico-financeiros non está funcionando. Neste senso, Jauregui apunta que se ben a sociedade está cada vez máis informada pola chamada sociedade da información, probablemente existe unha falta de formación que non beneficia ás empresas que son socialmente responsables.
- Hai unha gran confusión sobre a RSE, existen demasiados observatorios, demasiadas etiquetas, demasiados/as analistas, demasiados métodos de medicións, etc. Ademais en cada país convive unha cultura distinta sobre RSE e entre os sectores económicos son tamén moitas as diferencias. Esta confusión prexudica a percepción social de quen é socialmente responsable e de quen non o é.
- O discurso político e as diferentes políticas públicas non tivo a suficiente intensidade nin a coherencia como para que a RSE se instale na cultura social e nas políticas

públicas. Unha das razóns polas cales non se estendeu ás PEMES é precisamente que non houbo unhas políticas de apoio e de fomento suficientes.

Con todo, apúntanse unha serie de factores que están a favorecer e impulsar a cultura da responsabilidade social como é a proliferación de lexislación en ámbitos relacionados, o empuxe que está proporcionando o sistema financeiro ás empresas en forma de inversións en materia de sostibilidade e mesmo as novas correntes sociais que afectan cada día máis ao comportamento das empresas.

A Estratexia Galega de RSE

Se centramos a atención en Galicia, ámbito de aplicación do proxecto LocalRSE, unha das primeiras referencias que cabería resaltar é a historia que esta comunidade ten en relación ás políticas de RSE. Segundo o portal da Xunta de Galicia, o primeiro dos informes do Observatorio permanente sobre a aplicación da Responsabilidade Social empresarial data do ano 2009. Con todo, non foi ata o ano 2012 cando se deseñou e publicou a primeira das estratexias sobre esta materia nesta comunidade autónoma.

Xustificada a súa creación en base a un acordo entre o Goberno rexional, a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), a UGT-Galicia e o Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia, procuraba este documento ser unha folla de ruta de impulso e desenvolvemento tanto do tecido empresarial galego como das administracións e organizacións de Galicia.

Doce anos despois, o actual presidente da Xunta, ven de anunciar este pasado maio de 2023 que o Consello dou o visto bo á Estratexia de Responsabilidade Social Empresarial para o período 2023-2025, que contará cunha financiación de case 175 millóns de euros de dotación (Europapress, 2023). Estará composta esta nova estratexia por 25 liñas de acción enmarcadas nos ámbitos da empresa, a sociedade e a Administración pública, e son destacables o apoio económico para a innovación e dixitalización, facilidades no acceso a financiación, apoio para implantar medidas de conciliación e teletraballo ou mesmo para promover proxectos de impacto social ambiental.


Neste senso, o documento está pendente de publicación e, no portal RSE Xunta de Galicia, onde se publica todo o relativo a este ámbito pódese atopar o último dos informes de

resultados do 2021 (Xunta de Galicia, 2023) publicado o pasado marzo. Este estudo foi realizado cunha mostra de 538 empresas coa enquisa como medio de recadación de datos destas das cales, 136 eran grandes e medianas e 402 pequenas e micro empresas².

Un dos principais resultados deste informe é o referido ao nivel de desenvolvemento da RSE nas empresas galegas, onde se deseñou un índice específico para este fin que inclúe entre outras as boas prácticas, a dimensión de goberno corporativo, aspectos medio-ambientais, laborais e sociais entre outros ata completar 63 puntos que conforman o chamado indicador ESG.

Figura 3

Puntuación acadada a nivel global e por ámbitos da ESG



Fonte: Elaboración propia adaptada de: Xunta de Galicia. (2023). *A Responsabilidade Social empresarial nas empresas galegas. Décimo cuarto informe de resultados 2021.* {conxunto de datos}. <https://rse.xunta.gal/images/stories/pdf/Informe-de-resultados-2021.pdf>

Tal e como se pode apreciar no anterior gráfico (Figura 3), a cualificación que se obtén a nivel global é un aprobado xusto, cunha puntuación de 5,21 puntos sobre 10. Isto significa que as empresas participantes neste estudo realizan 33 das 64 accións que se recollen dentro

² Segundo o estudo as empresas clasifícanse polo seu tamaño en: micro, teñen ata 10 traballadores/as; pequenas, con ata 50 traballadores; medianas, con ata 250 e grandes empresas con máis de 250 traballadores.

do índice ESG. Segundo a figura, as empresas recoñecen ter avanzado algo máis no ámbito do goberno, con todo, aínda é necesario implementar moitas das medidas nas dimensións medio-ambiental, laboral e social.

Revisando polo miúdo, cabería mencionar que dentro do ámbito social as empresas galegas centran a súa actuación respecto ao seu impacto na colaboración con provedores e no desenvolvemento de prácticas de comunicación e comercialización responsable, se ben existen importantes oportunidades de mellora na promoción da RSE entre a clientela e na loita contra a corrupción. No ámbito laboral as empresas están focalizadas en prácticas de contratación indefinida e na formación do persoal así como medidas de conciliación como a flexibilidade de horarios ou o teletraballo. Con todo, outras medidas encamiñadas á integración de colectivos especiais presentan un menor grao de implementación.


Respecto do ámbito ambiental destaca a presenza de certificacións medio-ambientais no 23,8% da mostra, así como nas prácticas de redución da contaminación como medida principal de comportamento responsable. Unha de cada dúas empresas establecen obxectivos medio-ambientais (46,8%) pero redúcese a porcentaxe destas respecto a existencia de medidas correctoras por incumprimento dos obxectivos establecidos (41,1%). Con todo, as empresas galegas contan cunha baixa porcentaxe de indicadores medioambientais, só o 39,6% o fan para medir o impacto dos materiais empregados, o 38,8% para medir o impacto da enerxía utilizada e o 32,7% para medir o impacto sobre a auga. Estas son sen dúbida unhas porcentaxes que deberían incrementarse si se procura ter un compromiso claro neste ámbito.

Aporta este estudo, por outra banda, información referida á identificación por parte das empresas do impacto beneficioso na mellora da reputación que produce a adopción de medidas da RSE. Neste senso a seguinte figura (Figura 4) expón as áreas con maior impacto nos resultados empresariais, sendo o ámbito laboral e o social os mellores valorados neste caso.

Mención especial é o rexistrado no ámbito laboral e como este ten un impacto superior dentro da pequena empresa en comparación con grandes e medianas. Isto podería indicar que as accións realizadas neste ámbito son esenciais neste tipo de organizacións para acadar uns bos resultados empresariais.

Figura 4

Áreas da RSE con maior impacto nos resultados empresariais



Fonte: Elaboración propia adaptada de: Xunta de Galicia. (2023). *A Responsabilidade Social empresarial nas empresas galegas. Décimo cuarto informe de resultados 2021.* {conxunto de datos}. <https://rse.xunta.gal/images/stories/pdf/Informe-de-resultados-2021.pdf>

Outro dos apuntes que o informe destaca é a baixa adopción de estándares internacionais por parte das empresas, o que por unha banda pode prexudicar á unificación de criterios e as diferencias de comprensión de termos, prácticas, ou mesmo determinadas políticas empresariais de RSE.

Neste caso, estándares como a Norma (ISO) 26000 da Organización Internacional de Normalización, a Norma (SA) 8000 da Responsabilidade Social Internacional ou a Iniciativa mundial de Presentación de Informes de Sustentabilidade do GRI son algúns dos exemplos deste tipo de medidores internacionais. Estes estándares son recollidos como válidos dentro da Lei 11/2018 para a presentación de información non financeira e diversidade que grandes empresas están obrigadas a presentar.

Segundo as empresas participantes, o impacto percibido pola implantación de medidas RSE mellora considerablemente en primeiro lugar a reputación e do mesmo xeito segundo estas,

aumenta as vendas, reduce o custo financeiro e aumenta a rendibilidade. Queda constatado no informe que estes aspectos son maiores canto maior puntuación teña unha empresa no índice ESG. Dentro dos efectos económicos da RSE nas empresas, os índices medio-ambiental e laboral son os que amosan uns maiores efectos na rendibilidade económica e financeira, así como no nivel de fluxo de caixa. Pola contra, o escaso efecto da dimensión social podería estar, segundo o informe, co baixo uso da información dos grupos de interese no deseño da estratexia empresarial e a falla da promoción da RSE entre a clientela.

Xustificación e melloras que aporta LocalRSE

A primeira das motivacións que cabería sinalar para a posta en marcha deste proxecto son as evidencias sinaladas anteriormente sobre os beneficios que este tipo de políticas, accións ou proxectos teñen en tódolos ámbitos nos que se centra a RSE. Beneficios neste caso para as empresas galegas, tal e como se reflicte no anterior capítulo, pero do mesmo xeito para o medio-ambiente, en forma de preservación ou redución da contaminación entre outras, e igualmente para tódolos grupos de interese que se ven afectados pola actividade destas empresas.

Unha das primeiras evidencias de mellora que procura aportar o proxecto é a implicación directa das Administracións locais, feito que se sinala dentro das estratexias galegas anteriores pero que non se reflicte nos informes de resultados. Isto podería significar que existe unha intencionalidade para isto, como así se referencia, pero que non se chega a consolidar ou polo menos non se realiza ningún tipo medición neste senso.

Por outra banda, a implicación da cidadanía é tamén unha das principais propostas que se referencian nestas estratexias e, de igual forma, tampouco pasa de ser unha declaración de intencións xa que non se referencia ningún avance neste aspecto. Esta é particularmente unha das fallas mencionadas no capítulo anterior sobre os efectos da dimensión social dentro das políticas de RSE das empresas.

Están as estratexias galegas de RSE centradas nas empresas e nos grupos de interese empresariais, como cámaras de comercio ou asociacións de empresarios/as pero non están presentes o resto de actores sociais. É polo tanto un aspecto de mellora o feito de incluír á

ciudadanía e aos diferentes grupos sociais dentro da planificación de proxectos como LocalRSE e permitir que sexan participes e co-produtores neste ámbito.

O proxecto LocalRSE aplica a metodoloxía de desenvolvemento de abaixo cara arriba (Stöhr e Taylor, 1981), isto é, dende as Entidades locais como transformadoras sociais e impulsoras que mobilizan ás maiorías, e está centrado neste novo comportamento social do traballo, a participación, a sustentabilidade e a diversidade. As Entidades locais son o primeiro contacto directo coa Administración tanto para as empresas como para a cidadanía e, son coñecedoras de primeira man da realidade dentro dos seus territorios, o que lles permite xogar con vantaxe na creación de políticas da RSE/ASG.

Se ben o ámbito da RSE está moi estendido entre as grandes empresas, polo seu carácter mediático e os seus beneficios na reputación destas, a realidade é que en pequenas e micro empresas estas prácticas non están tan presentes ou non son tan recoñecidas. Tendo en conta que o número de pequenas e micro empresas en Galicia segundo o número de asalariados é de 239.918 (99,4%) (IGE, 2021) cabería prestar atención á actividade que estas realizan e sobre todo aos impactos que esta actividade produce. Da mesma forma, o desenvolvemento deste tipo de proxectos pode tamén achegar os beneficios que produce a adopción da RSE nas grandes e medianas empresas, na mesma forma para estas organizacións máis pequenas pero igualmente cun gran impacto en conxunto.

Segundo Mendoza-Woodman (2022) a existencia de apoios institucionais ten importancia relevante na redución dos principais inhibidores da adopción de prácticas de RSE por parte da pequena e micro empresa (falta de capacitación, recursos técnicos e operativos ou mesmo formación en planificación e xestión). É polo tanto unha boa oportunidade para as entidades locais realizar este tipo de proxectos para a mellora da promoción non só económica, senón tamén social e medio-ambiental e, deste xeito adquirir un rol como axente principal de desenvolvemento local.

5. Obxectivos Operativos

5. 1. Poboación destinataria

O proxecto LocalRSE tal e como xa se mencionou procura ser un proxecto piloto transmisible a tódolos concellos de Galicia, isto é, un proxecto que poida levarse a cabo por calquera dos gobernos locais nos municipios galegos. Por isto, cabería especificar en primeiro lugar que os primeiros destinatarios neste caso serían os gobernos locais de cada concello de Galicia.

En segundo lugar, como proxecto de carácter directo, os destinatarios deste son igualmente as empresas e a cidadanía que se sitúa dentro do territorio de cada un dos municipios para quen estarían destinadas a maioría das actuacións e accións que se presentan dentro do capítulo de execución. Polo tanto, na seguinte táboa está referida a descrición e cuantificación dos/as potenciais destinatarios/as do proxecto.

Táboa 9

Estimación dos/as potenciais destinatarios/as

| DESCRICIÓN | CUANTIFICACIÓN |
|--|---|
| Gobernos locais dos concellos de Galicia | 313 gobernos locais Fonte: IGE |
| Empresas con sede en concellos de Galicia con menos de 50 asalariados/as | 239.918 empresas Fonte: estimación propia con datos do IGE |
| Poboación residente en concellos de Galicia maior de 16 anos | 2.362.500 persoas residentes Fonte: estimación propia con datos do IGE |

Fonte: Elaboración propia adaptada de: Instituto Galego de Estatística. (2021). *Empresas con actividade en Galicia segundo o estrato de asalariados. Ano 2021*. {conxunto de datos}. [https://www.ige.gal/igebdt/esqv.jsp?ruta=verPpalesResultados.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=7996&R=0\[all\]&C=9931\[108:12\]&F=T\[1:0\]&S=&SCF&CC=Total=1--2&c=0307006001](https://www.ige.gal/igebdt/esqv.jsp?ruta=verPpalesResultados.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=7996&R=0[all]&C=9931[108:12]&F=T[1:0]&S=&SCF&CC=Total=1--2&c=0307006001)

e Instituto Galego de Estatística. (2022b). *Poboación segundo sexo e grandes grupos de idade*. {conxunto de datos}.

[https://www.ige.gal/igebdt/esqv.jsp?ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=55&R=9915\[12\];1\[2:3\];0\[2022\]&C=2\[0\]&F=&S=&SCF=](https://www.ige.gal/igebdt/esqv.jsp?ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=55&R=9915[12];1[2:3];0[2022]&C=2[0]&F=&S=&SCF=)

Tendo en conta o anterior, cabería sinalar que no caso das empresas e da poboación, esta é unha estimación global que necesitaría dunha adecuación en cada un dos concellos para realizar unha segmentación precisa de potenciais destinatarios.

5. 2. Resultados previstos e intervencións

Neste apartado expóñense os principais resultados que se prevén acadar así como as intervencións a realizar no proxecto relacionadas á súa vez coas accións e actividades que se especifican dentro do capítulo de execución.

Táboa 10

Resultados previstos e a súa cuantificación

| DESCRICIÓN | CUANTIFICACIÓN |
|--|--|
| Aumentar os coñecementos sobre RSE entre a cidadanía, asociacións, empresas e organizacións locais | Aumentar os coñecementos básicos sobre RSE por parte do 20% da poboación do concello e o 20% das empresas locais |
| Creación de documento estratéxico sobre RSE no Concello | Creado e publicado antes de finalizar o sexto mes tras o inicio do proxecto. |
| Aumentar a formación técnica entre o persoal do concello en RSE | Formación impartida a non menos do 50% do persoal do concello. |
| Formar a empresas locais en coñecementos técnicos sobre RSE | Formación impartida a non menos de 20 empresas locais. |
| Creación do portal municipal de RSE | Creado, publicado e operativo antes do cuarto mes tras o inicio do proxecto. |
| Elaboración da guía municipal de boas prácticas en responsabilidade social na Administración | Creada e publicada antes de rematar o cuarto mes dende o inicio do proxecto |
| Adopción de prácticas de RSE por parte das empresas participantes na formación programada | Adopción de prácticas de RSE por parte do 80% das empresas participantes no programa formativo |

Fonte: Elaboración propia

Na seguinte táboa (Táboa 11) enuméranse as intervencións a realizar dentro do proxecto e a súa correspondente cuantificación que se terá en conta no proceso de avaliación ao final

deste. A cuantificación neste caso está baseada na dimensión temporal destas intervencións de forma que o tempo adicado por parte do persoal poida ser avaliado dentro do informe final. Outros aspectos como a eficacia ou eficiencia destas serán avaliadas por medio dos indicadores presentados no capítulo 9.

Táboa 11

Intervencións e as súas cuantificacións

| DESCRICIÓN | CUANTIFICACIÓN |
|---|----------------|
| Realización de diagnóstico previo sobre coñecementos en RSE da cidadanía, persoal do concello, empresas, asociacións e organizacións. | 80 horas |
| Revisar, analizar e crear normativa/s relevante para o proxecto | 40 horas |
| Creación do portal municipal de RSE e participación cidadá | 60 horas |
| Licitación de contrato a empresa tecnolóxica para creación do portal | 30 horas |
| Deseñar, crear e executar campaña publicitaria en RSE | 80 horas |
| Crear documento estratéxico municipal sobre RSE | 50 horas |
| Elaboración da guía municipal de boas prácticas en responsabilidade social na Administración | 40 horas |
| Realización de estudo de inclusión de cláusulas RSE/ASG en contratación pública e subvencións municipais | 80 horas |
| Celebración de faladoiros e reunións sobre procesos participativos con grupos de interese e cidadanía | 8 horas |
| Prestar servizo de diagnóstico empresarial sobre RSE/ASG ás empresas seleccionadas da convocatoria | 144 horas |
| Contactar entidades referentes para o proxecto | 16 horas |
| Difundir e presentar o proxecto | 35 horas |
| Seguimento do proceso de desenvolvemento e avaliación final do proxecto | 43 horas |

Fonte: Elaboración propia

6. Entorno Interno e Externo


6. 1. Organización

O proxecto LocalRSE dependerá organicamente da Alcaldía do propio Concello, sendo a súa máxima responsable a persoa que ostenta o cargo de alcalde/sa. Terá ademais funcións o propio equipo de goberno nas competencias que teñan asignadas e delegaranse todas aquelas accións que sexan pertinentes para cada Concellaría.

A organización administrativa e operativa do proxecto, para a xestión deste, estará formada polas dúas unidades referidas no organigrama que serán conformadas por persoal interno do propio Concello. Da mesma forma, son competentes para a elaboración de informes e execución dos expedientes as persoas responsables de máximo nivel de cada unha das unidades. O proxecto contará ademais cun grupo de participación social no que se incluírán diferentes grupos e sectores de poboación referente para determinadas accións e actividades.

Figura 5

Organigrama do proxecto



Fonte: Elaboración propia

Unidade de Xestión

A Unidade de Xestión contará cunha xerarquía onde o seu máximo expoñente ostenta a xerencia e a coordinación técnica desta unidade. Esta persoa será responsable última da toma de decisións, informes e actuacións necesarias para a xestión do proxecto. As seccións Técnica e Administrativa dependerán desta unidade para todas aquelas funcións que lle sexan encomendadas pola Xerencia. Entre as funcións que se establecen para esta unidade atópanse as seguintes:

- Coordinación e supervisión de tódalas actuacións do proxecto e organización das seccións Técnica e Administrativa.
- Elaboración de informes e presentación destes á autoridade máxima responsable do proxecto.
- Elaboración do manual de procedemento interno do proxecto e responsable do seu cumprimento.
- Elaboración e implementación do Plan de Información e Comunicación do proxecto.
- Xestión e control do sistema de contabilidade e financiación do proxecto.
- Elaboración do manual de procedemento dos mecanismos de corrección de irregularidades e modificacións necesarias.
- Apoio técnico ao resto de unidades e seccións que forman parte do corpo organizativo do proxecto.

Unidade de Execución

A Unidade de Execución será a encargada de operativizar as accións aprobadas pola Xerencia e estará formada polas Consellerías asignadas que forman parte do goberno local. Realizará esta unidade tarefas de proposición de accións e execución con arranxo a este proxecto así como calquera outra función que lle sexa encomendada por acordo previo. Esta unidade dispón dunha sección independente que ten encomendadas as funcións de seguimento e control do proxecto.

A Sección de Seguimento e Control estará composta por persoal interno do propio Concello que non participa en ningunha outra unidade de xestión do propio proxecto e ten como funcións o seguimento e o control dos avances realizados. Realizará avaliacións periódicas en relación á eficacia e calidade da execución de tódalas accións que se realicen, garantindo a

adecuación do gasto así como os procesos administrativos e aspectos técnicos. Levará a cabo avaliacións e informes sobre tódolos indicadores deseñados e presentados no capítulo 9 que remitirá á xerencia nos prazos acordados e que contan coas seguintes fases:

- Fase inicial: Sistema de comunicación, procedementos, accións e organización. Nesta primeira fase realizarase unha primeira avaliación sobre o proxecto e tódalas unidades que forman parte deste. Deseñaranse todos aqueles indicadores necesarios que se analizarán nas seguintes fases de seguimento e control e informarase ao resto de unidades e seccións da metodoloxía a seguir.
- Fase intermedia: Primeiro informe de avaliación onde se poderán detectar os desaxustes coa consecución das metas marcadas. Nesta fase realizarase unha revisión dos procedementos e accións e procederase á modificación de aspectos que non cumpran coas expectativas así como a creación de novos indicadores se fose o caso ou a adaptación dalgúns destes.
- Fase final: Nesta fase realizaranse tarefas de cara á confección do Informe Final de Resultados do proxecto no que se avaliará tanto o conxunto dos obxectivos marcados como o rendemento de cada unha das unidades implicadas. Procederase á realización do informe de impacto do proxecto así como a avaliación da súa sustentabilidade.

6. 2. Colaboración e participación

A única colaboración que se prevé dentro da realización do proxecto LocalRSE é a referida tanto á formación impartida denominada “Responsabilidade social empresarial (RSE) e ambiental nas entidades locais” (Apéndice nº 2) así como a actividade nomeada “Faladoiros sobre a Responsabilidade Social Empresarial no eido local” (Apéndice nº 3). Estas dúas actividades serán impartidas pola Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) coa que se firmará un convenio de colaboración para a realización destas. Este tipo de actividades de formación e divulgación son parte das actividades que esta organización realiza en colaboración con Concellos e forman parte do seu catálogo de servizos.

O grupo de Participación Social referido no organigrama estará conformado pola cidadanía, grupos de interese, asociacións de empresarios/as e outros que poidan ter interese no proxecto. Elaborarase un Plan de Participación Social derivado dos obxectivos operativos marcados e as actividades deseñadas. Fomentarase a participación da cidadanía e grupos sociais e deseñarase un itinerario que procure implicar ao maior número de poboación dentro

do proxecto. Estes grupos terán como principais funcións a consulta, participación e coordinación social das actividades así como o seguimento do propio proxecto. Celebraranse reunións estratéxicas cos diferentes grupos buscando reunir as diferentes propostas da cidadanía e implementando as mellores canles de comunicación e interacción con este grupo de Participación Social.

Dentro do portal de RSE do Concello, referido no capítulo de execución, publicaranse diferentes enquisas dirixidas á cidadanía que servirán para a realización do diagnóstico previo sobre coñecementos neste ámbito. Do mesmo xeito publicarase unha canle de participación dixital neste mesmo portal para as diferentes accións previstas dentro da execución que teñan estes fins participativos.

6. 3. Difusión

O Plan de Información e Comunicación que será elaborado e implementado pola Unidade de Xestión, ten como misión fixar os obxectivos, a poboación a quen vai dirixido, as canles que se empregan e a estratexia que se segue para dar publicidade ao proxecto. Recollerá este plan un cronograma das accións así como as actividades que se levarán a cabo dentro da publicidade do proxecto.

Neste aspecto realizarase unha segmentación específica dos destinatarios para a difusión do proxecto que incluírá principalmente ao Grupo de Participación Social marcado no organigrama así como outras entidades ou organizacións da contorna do propio concello. Terá especial mención nesta difusión as asociacións enmarcadas no territorio municipal así como o resto de partidos políticos e medios de comunicación entre outros.

As ferramentas de comunicación que se empregarán para chegar ao público obxectivo estarán compostas de técnicas de marketing directo, publicidade dixital (en medios de comunicación, e as relacións públicas (redes sociais, eventos, xornadas e outros). Do mesmo xeito serán tamén empregadas calquera das canles publicitarias coas que conte o propio concello como poden ser paneis publicitarios, taboleiros de anuncios, edictos municipais ou outros dispoñibles.

7. Execución do Proxecto

O proceso de execución do proxecto preséntase neste capítulo por medio dun diagrama por cada unha das fases nas que se divide. Estes diagramas recollen as actuacións a desenvolver e as actividades xunto cun cronograma que reflicte a temporalización prevista destas fases.

Fases e calendarización de LocalRSE

Táboa 12

Fase Inicial do proxecto LocalRSE

| PROXECTO LOCALRSE FASE INICIAL | |
|--|---|
| ACTUACIÓNS | ACTIVIDADES |
| 1 Realizar diagnóstico previo e impartir formación ao persoal do concello | 1.1 Realizar diagnóstico sobre coñecemento da RSE a empregados/as do concello, cidadanía, empresas e organizacións locais (Ver apéndice nº 1) |
| | 1.2 Impartir formación en RSE para o persoal do concello (Ver apéndice nº 2) |
| | 1.3 Elaborar unha guía municipal de boas prácticas en Responsabilidade Social na Administración |
| 2 Promocionar a RSE entre a cidadanía | 2.1 Elaboración e implementación do Plan de Información e Comunicación do proxecto |
| | 2.2 Diseñar e executar campaña publicitaria en RSE |
| | 2.3 Realización de charlas informativas, faladoiros e xornadas entre a cidadanía, asociacións, empresas locais e organizacións. (Ver apéndice nº 3) |
| 3 Fomentar a participación cidadá na elaboración de políticas públicas, iniciativas e proxectos de RSE | 3.1 Creación dun portal de RSE e de participación cidadá así como promoción e publicidade deste |
| | 3.2 Elaborar procesos participativos de políticas en diferentes ámbitos de competencia municipal |
| | 3.3 Realizar faladoiros e reunións sobre procesos participativos con grupos de interese e cidadanía |
| 4 Promoción da RSE dentro da compra pública e nas subvencións do concello | 4.1 Realizar estudo de inclusión de cláusulas RSE/ASG nos contratos públicos e nas bases de licitación |
| | 4.2 Realizar estudo de inclusión de criterios de puntuación de RSE/ASG en subvencións municipais |

Táboa 13*Cronograma da Fase Inicial*

| CRONOGRAMA FASE INICIAL 2023-2024 | | | | | | | | | | | | |
|-----------------------------------|-----|--|-----|--|-----|--|-----|--|-----|--|-----|--|
| ACTIVIDADES | AGO | | SEP | | OUT | | NOV | | DEC | | XAN | |
| 1.1 | | | | | | | | | | | | |
| 1.2 | | | | | | | | | | | | |
| 1.3 | | | | | | | | | | | | |
| 2.1 | | | | | | | | | | | | |
| 2.2 | | | | | | | | | | | | |
| 2.3 | | | | | | | | | | | | |
| 3.1 | | | | | | | | | | | | |
| 3.2 | | | | | | | | | | | | |
| 3.3 | | | | | | | | | | | | |
| 4.1 | | | | | | | | | | | | |
| 4.2 | | | | | | | | | | | | |

Esta primeira fase, de carácter máis interno, procura crear dinámicas e procedementos que melloren a xestión do proxecto así como introducir a cultura de RSE dentro do concello. Neste caso está caracterizada esta fase con accións formativas, de investigación e de creación de documentación sobre procesos participativos na Administración local e de inclusión de aspectos RSE/ASG neste nivel de goberno.

Na creación do plan municipal de RSE teranse en conta guías de elaboración deste tipo de documentación así como información dispoñible e aportada por diferentes organismos especializados. O curso formativo sobre RSE para o persoal do concello está referenciado dentro do apéndice nº 2 onde se ofrece a ficha informativa do curso e preséntase ademais o programa a desenvolver.

Táboa 14

Fase de Execución e Avaliación do proxecto

| PROXECTO LOCALRSE FASE DE EXECUCIÓN E AVALIACIÓN | | |
|--|--------------------|--|
| ACTUACIÓNS | ACTIVIDADES | |
| 1 Realizar formación a empresas do termo municipal sobre RSE | 1.1 | Dar publicidade á convocatoria do programa a empresas sobre RSE/ASG |
| | 1.2 | Realizar curso formativo coas empresas seleccionadas na convocatoria (Ver apéndice nº 4) |
| | 1.3 | Prestar servizo de diagnóstico empresarial sobre RSE/ASG e apoio na creación de plans empresariais ou adquisición de certificacións as empresas seleccionadas |
| 2 Creación da marca municipal de RSE | 2.1 | Deseñar, crear e dar publicidade da marca municipal de RSE |
| | 2.2 | Crear campaña publicitaria no portal municipal, redes e medios de comunicación |
| | 2.3 | Creación da Etiqueta RSE para comercios e empresas que desenvolvan e implanten accións de responsabilidade social |
| | 2.4 | Celebrar os premios Mellor Empresa LocalRSE |
| 3 Crear documento estratéxico sobre RSE dentro dun proceso participativo | 3.1 | Publicar enquisas e realizar faladoiros á cidadanía, asociacións, empresas e grupos de interese sobre a creación do Plan Municipal de RSE |
| | 3.2 | Elaborar o Plan Municipal de Responsabilidade Social |
| 4 Fortalecer o tecido asociativo local baixo criterios socialmente responsables e de sostibilidade | 4.1 | Promover e fomentar entre o tecido asociativo municipal a realización de accións encadradas en RSE/ASG así como dar publicidade destas. |
| | 4.2 | Promocionar a creación de asociacións medio-ambientais, sociais e de sostibilidade ou aquelas pouco presentes no municipio con fins relacionados con responsabilidade social ou aspectos ASG |
| | 4.4 | Elaborar convocatoria de subvención de proxectos locais a persoas, grupos ou asociacións que se encadren dentro da RSE/ASG |
| 5 Realizar a avaliación do proxecto | 5.1 | Elaborar o informe de avaliación e resultados do proxecto |
| | 5.2 | Publicación e presentación do informe de avaliación e resultados |

Táboa 15

Cronograma da Fase de Execución e Avaliación do proxecto

| CRONOGRAMA FASE DE EXECUCIÓN E AVALIACIÓN 2024 | | | | | | | | | | | | | | |
|--|-----|--|-----|--|-----|--|-----|--|-----|--|-----|--|-----|--|
| ACTIVIDADES | FEB | | MAR | | ABR | | MAI | | XUÑ | | XUL | | AGO | |
| 1.1 | | | | | | | | | | | | | | |
| 1.2 | | | | | | | | | | | | | | |
| 1.3 | | | | | | | | | | | | | | |
| 2.1 | | | | | | | | | | | | | | |
| 2.2 | | | | | | | | | | | | | | |
| 2.3 | | | | | | | | | | | | | | |
| 2.4 | | | | | | | | | | | | | | |
| 3.1 | | | | | | | | | | | | | | |
| 3.2 | | | | | | | | | | | | | | |
| 4.1 | | | | | | | | | | | | | | |
| 4.2 | | | | | | | | | | | | | | |
| 4.3 | | | | | | | | | | | | | | |
| 4.4 | | | | | | | | | | | | | | |
| 5.1 | | | | | | | | | | | | | | |
